



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xuño de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(525).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de xuño de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(526).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROXECTO DE LECER PARA PERSOAS CON TEA E APOIO ÁS SÚAS FAMILIAS”. EXPTE. 296885/301.

Visto o informe xurídico do 21/05/2026 e o informe de fiscalización do 15/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/05/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 1 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I. INFORME

I.1. Marco normativo:

De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Con todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

I.2. Convenio coa Fundación Menela 2026-2029:

I.2.1. A Fundación Menela é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sofren enfermidade ou marxinação social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 2 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

I.2.2. Na área de persoas con discapacidade da Concellería de Política Social estanse a levar a cabo diferentes programas e proxectos dirixidos á atención integral das persoas con discapacidades e as súas familias.

No ano 2007 iniciouse un programa de respiro familiar coa finalidade de proporcionar medios facilitadores para que as familias puidesen afrontar as situacións, moitas veces conflitivas e estresantes, que se derivan da convivencia cunha persoa con discapacidade intelectual, ofrecendo un espazo de tranquilidade e descanso ós pais/nais, irmáns ou titores; feito que repercute tamén positivamente na evolución da persoa con discapacidade intelectual. Dese programa de respiro familiar da Fundación Menela puideron beneficiarse durante os últimos anos as persoas con discapacidade da nosa cidade de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos.

I.2.3. Plantéxase agora por parte da Fundación Menela a execución do “Proxecto de lecer para persoas con TEA e apoio ás súas familias”, 2026-2029, dando así continuidade ó subscrito para o periodo 2023-2025. De acordo coa documentación presentada, os seus obxectivos son os seguintes:

- 1) Fomentar as relacións interpersoais, relacionándose de forma construtiva con outras persoas e participando en actividades de grupo.
- 2) Fomentar a inclusión social, promocionando oportunidades para a integración e participación en actividades na comunidade.
- 3) Axudar a potenciar as capacidades das persoas con autismo, a través de actividades lúdicas que lles resulten significativas e adecuadas ó seu nivel evolutivo e expresivo.
- 4) Contribuír ó equilibrio familiar permitindo que os pais/nais adiquen máis tempo á atención dos outros fillos/as e que dispoñan de tempo para sí mesmos e para a parella.
- 5) Apoiar ó benestar emocional, reducindo o estrés que lles provoca as situacións novas.

Entre as diversas actividades por desenvolver dentro deste Proxecto cítanse a práctica do xadrez, nas instalacións do Centro “Edificio CAMI” da Fundación Menela, na rúa Laxe, no que se ubica o “Club Menela Xadrez” (“Xadrez para [tod@s](#)”), actividades relacionadas coa realidade virtual, a escalada, obradoiro sensorial, ioga, videoxogos, surf, Samaín, tren de Nadal, obradoiro de cocíña, obradoiros de maxia e cinema, etc. As actividades realizaranse entre semana e en fins de semana, en venres e sábados, de marzo a decembro do 2026 e nelas as persoas con TEA estarán acompañadas por persoal cualificado do equipo de persoal do “Edificio CAMI”.

I.2.4. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por in-*

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 3 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

I.2.5. Co obxectivo de garantir ese marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación deses servizos de lecer ás persoas con TEA e de apoio ás súas familias, estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual (2026 – 2029), cun orzamento de 8.000€/ano.

I.2.6. A subvención que se propón para 2026 (8.000€) está prevista xa no orzamento de Política Social (aplicación nº 2310.489.00.09 - “Fundación Menela”) e o seu réxime é o de concesión directa a teor do artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A máis abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión e a motivación necesaria para utilizar o procedemento de concesión directa.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”: Convenio Fundación Menela) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.2.7. A concesión da referida subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases núms. 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe técnico – Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a «Fundación Menela» (CIF G-36685964), para o desenvolvemento do “PROXECTO DE LECER PARA PERSOAS CON TEA E APOIO Á SÚAS FAMILIAS” (ANOS 2026-2029).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 32.000€, a razón de 8.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2026, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 - *Fundación Menela*. As achegas correspondentes ós exercicios de 2027, 2028 e 2029 estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”: *Convenio Fundación Menela*) no Plan Estratéxico de Subvencións (PES).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 4 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO
CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO
“PROXECTO DE LECER PARA PERSOAS CON TEA E APOIO Á SÚAS FAMILIAS” –
ANOS 2026-2029

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario do Padroado da Fundación Menela e Director Xeral da mesma, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da Fundación Menela, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 5 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Fundación Menela é unha organización sen ánimo de lucro, constituída formalmente en 1989, que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sofren enfermidade ou marxinación social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado. Foi declarada de interese galego e figura inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (RUEPSS) co nº E-0214 e no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 463-96.

II.- Que, a través de convenios como o presente, a Fundación Menela ven prestando servizos de distinto tipo tanto a estas persoas con discapacidade como ós seus familiares e cuidadores habituais, que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a estes servizos para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúen un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supe-*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 6 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

torio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Fundación Menela para a prestación dun servizo a persoas con discapacida-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 7 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de e ós seus familiares e cuidadores habituais a través da execución do “Proxecto de lecer para persoas con TEA e apoio ás súas familias”, para o período 2026-2029,

Entre as diversas actividades por desenvolver dentro deste Proxecto cítanse a práctica do xadrez, nas instalacións do Centro “Edificio CAMI” da Fundación Menela, na rúa Laxe, no que se ubica o “Club Menela Xadrez”, actividades relacionadas coa realidade virtual, a escalada, obradoiro sensorial, ioga, videoxogos, surf, Samaín, tren de Nadal, obradoiro de cociña, obradoiros de maxia e cinema, etc.

As actividades realizaranse entre semana e en fins de semana, en venres e sábados, de marzo a decembro do 2026.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de Política Social, e a Fundación Menela comprométese a colaborar activamente na execución deste Proxecto, que ten como obxectivos os seguintes:

- 1) Fomentar as relacións interpersoais, relacionándose de forma construtiva con outras persoas e participando en actividades de grupo.
- 2) Fomentar a inclusión social, promocionando oportunidades para a integración e participación en actividades na comunidade.
- 3) Axudar a potenciar as capacidades das persoas con autismo, a través de actividades lúdicas que lles resulten significativas e adecuadas ó seu nivel evolutivo e expresivo.
- 4) Contribuír ó equilibrio familiar permitindo que os pais/nais adiquen máis tempo á atención dos outros fillos/as e que dispoñan de tempo para sí mesmos e para a parella.
- 5) Apoiar ó benestar emocional, reducindo o estrés que lles provoca as situación novas.

TERCEIRA.- A Fundación Menela comprométese tamén a:

1. Que en todas aquelas actividades as persoas con TEA estarán acompañadas por persoal cualificado do equipo de persoal do “Edificio CAMI”. A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Proxecto, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

2. Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Proxecto, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

3. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPA-CAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 8 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Fundación Menela unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 8.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 32.000€. O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 – *Fundación Menela*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”*: *Convenio Fundación Menela*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais (pagadas) ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 9 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2026-2029).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Proxecto, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Fundación Menela e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran in-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 10 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

cumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 11 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “estampillado” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 12 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3(527).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ABRAHAM MATEO". EXPTE. 10640/335.

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 13 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Abraham Mateo" (10640-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xuño de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "ABRAHAM MATEO" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 11/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 12/05/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 214.956,50 € euros, sendo o valor estimado do contrato de 177.650,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 12 de xuño de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 15 de xuño de 2026 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 14 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Cuarto.- O 17 de xuño de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 15 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposta realizárase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 17 de xuño de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Abraham Mateo" (10640-335) por un prezo total de 214.956,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.306,50 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(528).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA "ÓPERA CARMEN". EXPTE. 10630/335.

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 16 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística da "Ópera Carmen" (10630-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xuño de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da "ÓPERA CARMEN" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 27/04/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 29/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 67.797,16 euros, sendo o valor estimado do contrato de 56.030,71 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 15 de xuño de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Terceiro.- O 15 de xuño de 2026 PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 17 de xuño de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais*

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 17 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 17 de xuño de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística da “Ópera Carmen” (10630-335) por un prezo total de 67.797,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.766,45 euros”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 18 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(529).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "LA GRAN AVENTURA DEL POLLO PEPE. EL MUSICAL". EXPTE. 10645/335.

Visto o informe de fiscalización do 18/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/06/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "La gran aventura del Pollo Pepe. El musical" (10645-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xuño de 2026º, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da actuación artística "LA GRAN AVENTURA DEL POLLO PEPE. EL MUSICAL" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 26/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 27/05/26.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 25.098,09 euros, sendo o valor estimado do contrato de 20.742,22 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 19 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 10 de xuño de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Terceiro.- O 15 de xuño de 2026 PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 17 de xuño de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 20 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 17 de xuño de 2026 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "La gran aventura del Pollo Pepe. El musical" (10645-335) por un prezo total de 25.098,09 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.355,87 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(530).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E ACTUALIZACIÓN DE LICENZAS ARCGIS DESKTOP E ARCGIS ONLINE. EXPTE. 10948/113.

Visto o informe de fiscalización do 18/06/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 18/06/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro e actualización de licenzas Arcgis Eesktop e Arcgis Online (10948-113)

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 21 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e actualización de licenzas Arcgis Eesktop e Arcgis Online (10948-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de maio de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro e mantemento de un conxunto de licencias ArcGis dos sistemas GIS, tanto Desktop como Online, propiedade do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/02/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 16/03/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 20/03/2026 asinado polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 20/03/2026, asinada polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.
- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/2026.
- Memoria económica do contrato de data 08/05/2026, asinada polo Técnico Responsable de Modernización e Innovación e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 08/05/2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 22 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 16.628,06 €, que inclúe un IVE de 2.885,86 €, dende o 1 de xullo de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2026	LICENCIAS DE PRODUCTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	13.742,20€	2.885,86	16.628,06
Total			13.742,20€	2.885,86	16.628,06

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 33.256,12 €, que inclúe un IVE de 5.771,72 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2027	LICENCIAS DE PRODUCTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	13.742,20€	2.885,86	16.628,06
2028	LICENCIAS DE PRODUCTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	13.742,20€	2.885,86	16.628,06
Total			27.484,40 €	5.771,72 €	33.256,12 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 5 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e actualización de licenzas Arcgis Eesktop e Arcgis Online (10948-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, SL	41.226,60 €

S.ord. 26/06/2026



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, SL, o día 8 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida o 11 e o 16 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil o obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coas escrituras de cambio de denominación social, de perda de unipersonalidade, de traslado de domicilio social e de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (11.639,64 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (11.639,64 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 2.061,33 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Documentación acreditativa de ser distribuidor autorizado en España dos produtos propiedade de ENVIRONMENTAL SYSTEMS RESEARCH INSTITUTE, Inc.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 18 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 24 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, SL, de acordo co acordo da Mesa de Contratación, de data 4 de xuño de 2026 polo que segundo o establecido no apartado 7.B) do Anexo I (FEC) do PCAP ordénase a única oferta presentada por orde decrecente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, SL o procedemento aberto para a contratación do subministro e actualización de licenzas Arcgis Eesktop e Arcgis Online (10948-113) por un prezo total do contrato de 49.884,19 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.657,59 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 25 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**7(531).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTE-
MENTO EN VIGONATURE. EXPTE. 13341/612.**

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 18/06/2026, que di o seguinte:

11. Propostas de adxudicación**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento en Vigonature (13341-612)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A Mesa de Contratación, comprobada a documentación presentada pola licitadora clasificada en primeiro lugar e detallada polo miúdo no informe proposta de adxudicación achegado coa convocatoria desta sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento en Vigonature (13341-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de "mantemento na quenda de tarde en VigoNature", expte. 13341/612.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo director de Réxime Interior de VigoNature o 27/03/2026 ao que se lle incorpora un anexo.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 26 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

CUARTO.- Autorizar o gasto de 62.985,18 € (IVE 21% engadido) para o ano 2026; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 127.920,78 € para o ano 2027, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria . O Importe total do contrato é de 190.905,96 € € IVE engadido (157.773,52 € importe sen IVE e 33.132,44 € importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 28 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento en Vigonature (13341-612) na seguinte orde descendente:

	Licitor	Prezo ofertado (sen IVE)
1	CLECE, FACILITY SERVICES, SA	151.397,70 €
2	EULEN, SA	157.700,00 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, FACILITY SERVICES, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN CLECE, FACILITY SERVICES, SA, o día 29 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida o día 9 de xuño, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil e o

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 27 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

obxecto social xunto co nomeamento do seu representante, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

- A escritura de constitución da licitadora, cos estatutos onde figura o obxecto social, e escritura de cambio de denominación xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (84.400,53 €), presentan declaración e as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (84.400,53 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 7.569,89 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 18 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CLECE, FACILITY SERVICES, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE, FACILITY SERVICES, SA, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 25 de maio de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 28 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CLECE, FACILITY SERVICES, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento en Vigonature (13341-612) por un prezo total do contrato de 183.191,22 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.793,52 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(532).- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE RISCOS E SEGUROS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP: LOTES 1,2,3 E 4. EXPTE. 6963/241.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 22/06/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola titular de Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polas que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea en materia de contratación pública en determinados sectores; seguro privado; plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e do litixio tributario

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 29 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Este Concello adheriuse á Central de Contratación da FEMP, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo, XGL) de 17 de febreiro de 2022, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

Segundo.- A FEMP, a través do seu Central de Contratación licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o servizo de mediación de riscos e seguros mediante un Acordo Marco cun único adxudicatario para cada un do catro lotes por ramo ou tipoloxía de seguros que o compoñen, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e os Pregos de Prescricións Técnicas (PPT), cuxa publicación se produciu o 29 de novembro de 2023. Na citada licitación, a FEMP observou todos os requisitos e procedementos exixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo por tanto a LCSP.

Terceiro.- Os Lotes 1 e 2 do devandito Acordo Marco adxudicáronse a WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., o Lote 3 á UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS E DEASTERRA PARTNERS, S.L. e o Lote 4 a AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.U. con data de 11 de marzo de 2024, formalizándose o Acordo Marco para cada un dos lotes o 19 de abril de 2024.

Cuarto.- O acordo Marco ten unha vixencia de 24 meses. Poderá ser obxecto de dúas prórrogas anuais (12 meses, cada unha) sucesivas por mutuo acordo, antes da finalización do mesmo.

No entanto, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas as partes até un máximo de 6 meses.

A duración total do Acordo marco, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 48 meses (4 anos), de conformidade co disposto no artigo 219.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Só poderán adxudicarse Contratos baseados nun Acordo Marco durante a vixencia deste último. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será a da adxudicación do Contrato baseado.

Quinto.- Con base no citado Acordo Marco, a Xunta de Goberno Local acordou o 21 de xuño de 2024 a adxudicación dos seguintes contratos baseados:

“Lote 1: Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 30 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 261.381,70 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado.

Responsables do contrato: Seguro de responsabilidade civil patrimonial o xefe do servizo de Patrimonio. E para os seguros de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais a xefa da área de Recursos Humanos.

Lote 2: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais.

Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

Comisión ofertada: 9%.

Valor estimado do contrato para este lote: 49.926,11 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais o xefe do servizo de Patrimonio. No ámbito do seguro para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á concellería de cultura: o xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural

Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas

Adxudicatario: UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L

Comisión ofertada: 11%.

Valor estimado do contrato para este lote: 151.801,75 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicataria a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsables do contrato: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas a

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 31 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xefa da área de Recursos Humanos. No ámbito do seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias: o Adxunto Xefe do Servizo de Deportes-Director Técnico

Lote 4: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte

Adxudicatario:AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU.

Comisión ofertada: 7%.

Valor estimado do contrato para este lote: 51.662,20 euros

Duración do contrato: 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha.

Condición especial de execución: Que o persoal adscrito a cada Contrato baseado teña contrato indefinido, achegando a adxudicatario a declaración responsable correspondente ao comezo do contrato baseado

Responsable do contrato: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.”

Sexto.- A duración dos contratos baseados, segundo o disposto na resolución de adxudicación é de 12 meses máis dúas prorrogas de 12 meses de duración cada unha. A súa execución comenzo o 27 de xuño de 2024, día no que esta Administración notificou a adxudicación ao contratista a través da Plataforma informática da Central de Contratación.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Prorrogar os seguintes contratos baseados para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros dende o día 27 de xuño de 2025 até o 26 de xuño de 2026:

- *Lote 1: Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais. Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.*
- *Lote 2: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais. Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.*
- *Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas. Adxudicatario: UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 32 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- *Lote 4: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte. Adxudicatario: AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU.*

Segundo.- Comunicar esta resolución ás empresas adxudicatarias a través da plataforma informática da Central de Contratación, publicala no perfil do contratante desta Entidade Local e notificala conforme ao establecido na LCSP

Oitavo.- Constan no expediente informes dos servizos xestores deste contrato, Cultura (25.02.26), Museos (27.02.26), Parque Móbil (25.02.26), Recursos Humanos (03.03.2026) e Deportes (25.02.26), manifestando que as xestións realizadas polos diferentes contratistas de cada lote foron altamente satisfactorias sendo asemade necesario este servizo de intermediación para o desenvolvemento do contrato de seguros, polo que propoñen a conveniencia de prorrogalo.

Noveno.- Consta no expediente a aceptación da prórroga por parte do contratista WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.. En canto os contratistas UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L e AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU foille notificado o 26 de marzo de 2026 o preaviso da prórroga do contrato baseado mencionado, cumprindo co aviso previo de polo menos 2 meses de antelación á finalización do contrato baseado, segundo o disposto no art. 29.2 da LCSP e 21.5 do PCA,.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da prórroga dos contratos baseados

O PCA do Acordo Marco prevé na súa cláusula 21.4 regula a duración dos contratos baseados que os Contratos baseados poderán adxudicarse durante a vixencia do presente Acordo Marco, incluídas as súas prórrogas, e terán unha duración de doce meses, podendo ser obxecto de dous prórrogas de doce meses cada unha. Polo tanto, a duración máxima dos Contratos baseados será de trinta e seis meses ou tres anos, incluíndo posibles prórrogas.

No entanto, o anterior, os Contratos baseados que se adxudiquen no terceiro e cuarto ano de vixencia do Acordo Marco (no caso de que resultará prorrogado) terán unha duración de doce meses podendo ser obxecto dunha única prórroga de doce meses, polo que a súa duración máxima será de vinte e catro meses ou 2 anos. Os Contratos baseados non poderán incluír revisión de prezos. A duración mínima de 12 meses do contrato baseado poderá reducirse até os 9 meses, a condición de que a Entidade contratante soliciteo vía

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 33 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aclaración de ofertas (artigo 221.3 LCSP), e conte coa conformidade da adxudicataria. As prórrogas tramitaranse conforme ao 29.2 da LCSP.

En consonancia co disposto na cláusula 6 do presente Prego, só poderán adxudicarse Contratos baseados nun Acordo Marco durante a vixencia do Acordo Marco. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será a de adxudicación do Contrato baseado. No caso de que a Entidade Local requira ao adxudicatario para que complete a súa oferta nos termos previstos no artigo 221.3 da LCSP, a data relevante será a do envío de devandito requirimento.

De conformidade co indicado na referida cláusula 21.4 do PCAP, os lotes deste contrato son susceptibles de prórroga por un ano adicional.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do Contrato baseado e manteranse inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como se establece no PCA.

Constan no expediente informes dos servizos xestores deste contrato, Cultura, Museos, Parque Móbil e Deportes, manifestando que as xestións realizadas polos diferentes contratistas de cada lote foron altamente satisfactorias sendo asemade necesario este servizo de intermediación para o desenvolvemento do contrato de seguros, polo que propoñen a conveniencia de prorrogalo.

-II-

Competencia

A prorroga dos contratos correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación da prorroga do contrato, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP). O expediente non está sometido a fiscalización previa tal e como consta no informe da Intevención Xeral de 19-06-2024 (trámite 49 da xestión de expediente) .

-III-

Acordo

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Prorrogar os seguintes contratos baseados para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros dende o día 27 de xuño de 2026 até o 26 de xuño de 2027:

- *Lote 1: Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de Entidades Locais e entes dependentes, Ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 34 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

actividades profesionais. Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

- *Lote 2: Seguro de danos materiais para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais. Adxudicatario: WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.*
- *Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para Entidades Locais e Entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas. Adxudicatario: UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNERS, S.L*
- *Lote 4: Seguro de frota de vehículos para Entidades Locais e Entes dependentes, e outros riscos vinculados a medios de transporte. Adxudicatario:AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU.*

Segundo.- Comunicar esta resolución ás empresas adxudicatarias a través da plataforma informática da Central de Contratación, publicala no perfil do contratante desta Entidade Local e notificala conforme ao establecido na LCSP”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(533).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AQS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 7751/611.

Retírase o expediente da orde do día por ser competencia do concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

10(534).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DE LIXO VIVENDA DO ANO 2026. EXPTE. 100574/513.

Dáse conta da referida Resolución do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, de data 16/06/2026, que di o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 12 de xuño de 2026,

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 35 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

RESOLVO:

1. **Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2026**, por un importe total de **16.653,908,31- Euros, (DEZASEIS MILLÓNS, SEISCENTOS CINCUENTA E TRES MIL, NOVECENTOS OITO, CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)**, que consta de **145.476** inscricións, segundo a relación nominal de obxectos tributarios que comeza pola inscrición nº 128.839 e remata coa inscrición nº 17.348.
2. **Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.
3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un/ha dos/a contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pagamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(535).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 26218/332.

Visto o informe de fiscalización de data 22/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/06/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 19 de maio de 2023, aprobou o expediente de contratación do servizo de mantemento integral de instalacións eléctricas de Colexios Públicos, Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación (expediente 26218/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 02/03/2023 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 04/05/2023 que rexen a licitación, ademais do correspondente gasto por importe de 146.233,06 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 36 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 22 de setembro de 2023 acordou, entre outros, adxudicar a SIELVIGO S.L. (CIF B36823227) o procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación, por un prezo da parte fixa do contrato de 87.444,90 euros, IVE incluído e cunha porcentaxe de desconto da parte variable do 20%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O PCAP referise aos prazos na súa cláusula 26:

"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido. (...)"

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

"A) PRAZO TOTAL: tres (3) anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: dúas prórrogas de un (1) ano de duración cada unha (...)"

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 18 de outubro de 2023 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *"O contrato comezará o 1 de novembro de 2023 e terá un prazo de duración de 3 anos. Están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha."*

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. (...)"*

En data 29 de maio de 2026, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga dun ano para o contrato do servizo de mantemento integral de instalacións eléctricas de Colexios Públicos, Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación, conforme ao estipulado no mesmo e na modificación contractual mencionada anteriormente.

6.- Prestación do servizo: A prestación do servizo de mantemento integral de instalacións eléctricas de Colexios Públicos, Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación por parte da empresa contratista (Sielvigo S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun (1) ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/11/2026 e o 31/10/2027.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 37 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para tres anos quedou aprobado por un importe de 124.383,78 euros = 87.444,90 euros (parte fixa) + 46.173,60 euros (parte variable), sendo o prezo por anualidade de 44.539,50 euros.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano (que comprende dez mensualidades, exceptúanse os meses de xullo e agosto nos que non se presta o servizo) deste contrato quedaría fixado en 44.539,50 euros (36.809,50 € de base imponible máis 7.730,00 € en concepto de IVE) que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/11 ao 31/12 – dous meses): 8.907,90 euros (5.829,66 € parte fixa + 3.078,24 € parte variable);
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2027 (do 01/01 ao 31/10 – oito meses): 35.631,60 euros (23.318,64 € parte fixa + 12.312,96 € parte variable).

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.213.0002 (Mantemento eléctrico) dos exercicios 2026 e 2027, conforme á anterior división.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para o servizo de mantemento integral de instalacións eléctricas de Colexios Públicos, Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación (expte. 26218/332) para o período comprendido entre o 01/11/2026 e o 31/10/2027, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 44.539,50 euros (36.809,50 € máis 7.730,00 € en concepto de IVE) correspondente a esta prórroga, a favor de Sielvigo S.L., CIF B36823227. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0002 (Mantemento eléctrico), e a súa distribución anual será a seguinte:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/11 ao 31/12): 8.907,90 euros;
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2027 (do 01/01 ao 31/10): 35.631,60 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(536).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA DA SARDIÑA 2026”. EXPTE. 10626/335.

Visto o informe xurídico do 23/04/2026 e o informe de fiscalización do 17/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/04/2026, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Festas e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 38 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu o día 13 de abril de 2026, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404)”, para a realización da “Festa da Sardiña 2026”, os días 25 e 26 de xullo, na Carballeira da Guía (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2026”.

A Festa Gastronómica da Sardiña ven organizándose nos últimos anos na Carballeira dentro do programa das Festas da Guía con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa desenvolve a “Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía”, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

A “Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía” está en condicións de organizar a Festa Gastronómica da Sardiña 2026, conforme ao Programa e ao Orzamento achegados no expediente. A presente edición da Festa da Sardiña desenvólverá os días 25 e 26 de xullo de 2026, co reparto das Sardiñas e do Pan de millo, actuacións de grupos folclóricos, entrega da Sardiña de ouro, concerto e verbena amenizada por grupos de música.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 39 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3380.489.0004, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 11.000,00 € (once mil euros) a favor da Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404) para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento da Festa Gastronómica da Sardiña dentro do programa de Festas de Vigo 2026.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 11.000,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 13.500,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da Sardiña.

A Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía presenta declaración responsable de non estar incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia.

Consultadas os certificados de débedas obrantes no expediente compróbase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 40 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

En relación ao seguro de RC esixido pola cláusula primeira do texto do convenio, éste debe ser verificado pola mediadora de seguros municipal unha vez presentados pola organizadora do evento no momento da solicitude da autorización ou permiso municipal do evento obxecto desta subvención.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Aprobar a concesión directa dunha subvención nominativa a favor da Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), para a organización da "Festa Gastronómica da Sardiña 2026" e aprobar o texto de convenio que a regula.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto total de 11.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da "Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404)" con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 (Convenio C. Festas N. Señora da Guía, Festa da Sardiña) do vixente orzamento.

3º.- Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 41 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMI-
SIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA (G-36.731.404) PARA A ORGANIZA-
CIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DA SARDIÑA 2026

Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don ANGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 28/06/2024.

Doutra, don JOSE GONDA FARIA, (DNI 36.007.546-B) como presidente da Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Travesía de Vigo, nº 210 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10626/335.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica da Sardiña 2026, que se desenvolverá os días 25 e 26 xullo de 2026, dentro do programa de actividades **“Vigo en Festas 2026”** na Carballeira da Guía, dentro das Festas da Guía 2026. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica da Sardiña, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2026 13:10

Páxina 42 de 144

2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026

CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

IV.- O Concello de Vigo vén organizando a programación de actividades “Vigo en Festas 2026” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0004, (Convenio Festa da Sardiña) prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 11.000,00 € (once mil euros), a favor da Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para o desenvolvemento da Festa da Sardiña 2026.

IX.- A Comisión de Festas Nosa Señora das Neves non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e a Administración de Facenda e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo nin coa Xunta de Galicia, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 10626/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Festa Gastronómica da Sardiña 2026, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa da Sardiña 2026 que terá lugar na Carballeira da Guía os días 25 e 26 de xullo de 2026, en particular a:

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 43 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura, medios materiais e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Recoller e distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente de pago, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da Carballeira da Guía que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade. A ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia nos días previos ao inicio da festa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segunda.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Dar Publicidade á festa:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 44 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- a) Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.
- b) Entregar o material co logo do Concello de Vigo (lonas, plumas...)

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2026".

4º.- Conceder directamente á Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 11.000,00 (once mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa da Sardiña 2026.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceira.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarta.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES13 0049 5393 1725 1605 2445 da entidade SANTANDER, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido na cláusula novena.

Quinta.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

Sexta.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 45 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sétima.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitava.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos a percibir, a Asociación deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Novena.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 46 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel. As facturas deberán recoller o nome da empresa, o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprarán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décima.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segunda.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceira.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Muni-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 47 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinta.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada antes da súa publicación polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza de persoal municipal nas propias actividades programadas.

Décimo sétima.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogábel.

Décimo oitava.- O concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo novena.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésima.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 48 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento das festas populares, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeira.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 49 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segunda.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Vixésimo terceira.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, no lugar e data que se indican.

13(537).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES PARA O FINANCIAMENTO DA XXXV FESTA DO POLBO 2026. EXPTE. 10642/335.

Visto o informe xurídico do 20/05/2026 e o informe de fiscalización do 17/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/05/2026, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu o día 14 de maio de 2026, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158)”, para a realización da “XXXV Festa do Polbo 2026”, o día 9 de agosto, na Carballeira do Pedregal (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2026”.

A Festa Gastronómica do Polbo ven organizándose nos últimos anos na Carballeira do Pedregal con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve a “Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares”, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

A “Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares” está en condicións de organizar a XXXV Festa Gastronómica do Polbo 2026, conforme ao Programa e ao Orzamento achega-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 50 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

dos no expediente. A presente edición da Festa do Polbo se desenvolverá o día 9 de agosto de 2026, coa actuación de agrupacións folclóricas, recepción de autoridades e entrega de distincións, concerto da Unión Musical de Valadares, despacho de polbo e outros produtos, animacións infantís e representación teatral.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 51 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Concello de Vigo e a Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3380.489.0006, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 11.000,00 € (once mil euros) a favor da Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158) para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento da XXXV Festa Gastronómica do Polbo dentro do programa de Festas de Vigo 2026.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 11.000,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 20.500,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa do Polbo.

A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares presenta declaración responsable de non estar incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia.

Consultadas os certificados de débedas obrantes no expediente compróbase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

En relación ao seguro de RC esixido pola cláusula primeira do texto do convenio, este foi verificado pola mediadora de seguros municipal unha vez presentados pola organizadora do evento no momento da solicitude da autorización ou permiso municipal do evento obxecto desta subvención.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 52 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Aprobar a concesión directa dunha subvención nominativa a favor da Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), para a organización da "Festa Gastronómica do Polbo 2026" e aprobar o texto de convenio que a regula.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto total de 11.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0006 (Convenio C.V.C. Valladares, Festa do Polbo) do vixente orzamento.

3º.- Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES (G-36.805.158) PARA A ORGANIZACIÓN DA XXXV FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO 2026

Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don ANGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS, na re-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 53 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 28/06/2024.

Doutra, dona ANA M^a PÉREZ DÁVILA, (DNI 36.037.085-H) como presidenta da Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social no Camiño do Pedregal, nº 6 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10642/335.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da XXXV Festa Gastronómica do Polbo 2026, que se desenvolverá o día 9 de agosto de 2026, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2026**” na Carballeira do Pedregal. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social. .

II.- O Concello de Vigo e a Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Polbo, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando a programación de actividades “Vigo en Festas 2026” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiñaconv e o mexillón, así como o noso folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 54 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0006, (Convenio Festa do Polbo) prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 11.000,00 € (once mil euros), a favor da Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares para o desenvolvemento da XXXV Festa do Polbo 2026.

IX.- A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e a Administración de Facenda e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo nin coa Xunta de Galicia, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 10642/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Festa Gastronómica do Polbo 2026, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da XXXV Festa do Polbo 2026 que terá lugar na Carballeira do Pedregal o día 9 de agosto de 2026, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura, medios materiais e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 55 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4º.- Comezar as actividades do programa ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.- Recoller e distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente de pago, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da Carballeira do Pedregal que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade. A ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia nos días previos ao inicio da festa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segunda.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Dar Publicidade á festa:

- a) Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.
- b) Entregar o material co logo do Concello de Vigo (lonas, plumas...)

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2026".

4º.- Conceder directamente á Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares, unha subvención por importe de 11.000,00 (once mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da XXXV Festa do Polbo 2026.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 56 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Terceira.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarta.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido na cláusula novena.

Quinta.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

Sexta.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétima.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitava.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos a percibir, a Asociación deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 57 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Novena.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel. As facturas deberán recoller o nome da empresa, o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 58 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Décima.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segunda.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceira.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinta.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada antes da súa publicación polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza de persoal municipal nas propias actividades programadas.

Décimo sétima.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogábel.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 59 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo oitava.- O concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo novena.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésima.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento das festas populares, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 60 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeira.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segunda.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Vixésimo terceira.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, no lugar e data que se indican

14(538).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO ESPECTÁCULO “EL PAYASO TALLARÍN. UN MUNDO MÁGICO”. EXPTE. 10648/335.

Visto o informe xurídico do 17/06/2026 e o informe de fiscalización do 19/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/06/2026, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Festas e

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 61 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conformado pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 27/05/2026, a Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación da actuación artística do espectáculo "EL PAYASO TALLARÍN. UN MUNDO MÁGICO" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 27/05/2026.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2026".
- O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026", no marco do expediente 10551-335.
- Con data 26 de maio de 2026 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha sexta programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a actuación artística "EL PAYASO TALLARÍN. UN MUNDO MÁGICO".
- Memoria económica de data 27/05/2026, relativa aos seguintes extremos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 62 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 28/05/2026(operación nº12026000060117).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 28/05/2026.
- Memoria xustificativa, de data 28/05/2026, relativa aos seguintes extremos:
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 02/06/26 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 02/06/2026, que a mercantil CATEGÓRICA PRODUCCIONES S.L., SL, ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación artística “EL PAYASO TALLARÍN. UN MUNDO MÁGICO” o día 03/08/2026 no Auditorio de Castrelos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 02/06/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 63 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que CATEGÓRICA PRODUCCIONES, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de esta actuación.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación da actuación artística do espectáculo “EL PAYASO TALLARÍN. UN MUNDO MÁGICO”, dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 28/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 02/06/26.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 23.837,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 19.700,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 64 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

(Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(539).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PARA A PESCA E O MARISQUEO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SEREAS, AS MULLERES DO MAR, 2026. EXPTE. 14496/224.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización de data 19/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2026, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local sinala que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia de “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero” (artigo 25.2.o).

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establecen que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración pública concedente (artigo 28.1 e artigo 26.1, respectivamente).

O V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 23 de febreiro de 2026, establece, entre outros, o seguinte obxectivo específico e as seguintes medidas:

Obxectivo específico 48: *Visibilizar e impulsar a participación das mulleres do mar.*

Medida 2.20: *Reforzar e visibilizar a participación socioeconómica das mulleres no sector, poñer en valor os roles desenvolvidos polas mulleres nos oficios do mar e promover a igualdade de xénero neste sector laboral, reforzando a sensibilización social sobre a importancia da participación e achegas das mulleres nos sectores estratéxicos da cidade.*

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 65 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Medida 7.10: *Visibilizar a contribución das mulleres de Vigo, e da súa contorna, no sector do mar e proporcionar ferramentas que contribúan á transferencia da investigación á sociedade con perspectiva de xénero.*

A Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28 de xuño de 2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), que delega na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en materia de igualdade, entre outras, as seguintes atribucións: detección de discriminacións directas e indirectas, impulsando e desenvolvendo accións positivas e medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social para as mulleres en todos os ámbitos, especialmente as que se atopan en situación de vulnerabilidade social; promover, desenvolver e difundir accións tendentes a visibilizar e incrementar a presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisións, abrindo canles de participación para impulsar o empoderamento das mulleres; promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan infrarrepresentadas así como organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina; favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo; cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade.

A Fundación para a pesca e o marisqueo (en adiante, FUNDAMAR), co CIF G27745397, é unha fundación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, creada en 2010 e integrada pola Cooperativa de Armadores/Armadoras de Pesca do Porto de Vigo (ARVI) e os sindicatos UGT e CCOO, que conforman a maioría da representación no ámbito social e económico da pesca marítima e o marisqueo da Comunidade Autónoma de Galicia. FUNDAMAR é a primeira experiencia deste tipo, calquera que sexa o ámbito territorial que se contemple, que ten unha representación paritaria entre a parte empresarial e sindicatos, nos seus órganos de goberno e control. Os seus fins teñen un carácter laboral, sendo o seu propósito o de crear, impulsar e dirixir ou participar en proxectos ou actuacións que teñan por finalidade a mellora das condicións sociais e de produtividade de empresarias/empresarios e traballadores/traballadoras relacionadas coa pesca e o marisqueo.

FUNDAMAR desenvolve a súa actividade ao redor de catro eixos de actuación ou áreas de traballo:

- Seguridade e prevención, a través da realización de estudos, guías de boas prácticas, accións de promoción e campañas de sensibilización.
- Social, con iniciativas e proxectos relacionados coa mellora do benestar social dos e das profesionais do mar, impulsando a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e abordando as cuestións de xénero.
- Formación marítima, con estudos de detección de necesidades formativas adecuadas ás necesidades reais que incidan en tripulantes e armadores/armadoras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 66 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- Técnica, con iniciativas estratéxicas nas que transcenden todos os proxectos e estudos de I+D+I, nos ámbitos da prevención de riscos laborais, seguridade marítima, RSE, promoción dos recursos e produtos do medio ambiente mariño.

En relación coa promoción da igualdade de oportunidades no sector pesqueiro e marisqueiro, FUNDAMAR persegue os seguintes obxectivos: facilitar e promover as condicións de acceso ao emprego baixo criterios de igualdade e equidade, a formación marítima con perspectiva de xénero e impulsar e promover servizos e programas para o fomento da igualdade de xénero e igualdade de oportunidades, a acción social, a asistencia e a plena inclusión de mulleres e homes no sector marítimo pesqueiro e marisqueiro.

Desde 2017, FUNDAMAR desenvolve na cidade de Vigo o programa *Sereas, as mulleres do mar* que ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer referentes femininos en diferentes ámbitos do sector mar-industria da contorna.
- Proporcionar ferramentas que contribúan á transferencia da investigación á sociedade con perspectiva de xénero.
- Identificar e visibilizar figuras femininas que desenvolveron papeis fundamentais neste sector.
- Ensalzar a participación socioeconómica das mulleres no sector.
- Recoñecer o papel da muller como icona obreira da Revolución Industrial en Galicia.
- Poñer en valor os roles desenvolvidos podas mulleres nos oficios do mar.

Desde o Servizo de Igualdade considérase que este programa ten un interese público tanto por ser formulado e promovido polo propio sector pesqueiro como pola integración do enfoque de xénero que conxuga os obxectivos que persegue o Concello de Vigo no eido da promoción da igualdade.

No convenio que se propón regúlense os termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente no orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 2311 4890007 FUNDAMAR, proxecto *Sereas* do Servizo de Igualdade, por importe de 10.000 euros, para o desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar*.

O apoio a este programa permitirá visibilizar a contribución das mulleres de Vigo e da súa contorna no sector do mar e da súa industria, empoderar ás novas xeracións de mulleres que participan neste sector, promover a igualdade de xénero neste sector laboral e reforzar a sensibilización social sobre a importancia da participación e achegas das mulleres nos sectores estratéxicos da cidade. Este protagonismo é fundamental en sectores como a conserva, a transformación de pescado, a acuicultura e nas actividades auxiliares da pesca e do marisqueo.

Os obxectivos, o orzamento e as accións que se van levar a cabo para o desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar* están descritos na memoria que FUNDAMAR presentou para o convenio e que figura no expediente.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 67 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como nas bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Así mesmo, aínda que esta subvención nominativa instrumentada mediante convenio non está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vigo 2024/2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024, o seu obxecto intégrase plenamente na liña estratéxica 4.8: *Actividades de defensa da igualdade de xénero*, contribuíndo de forma directa á consecución dos obxectivos previstos na citada liña. En consecuencia, a concesión proposta non implica a incorporación de novas finalidades estratéxicas nin altera a programación subvencional aprobada, senón que constitúe unha actuación específica aliñada cos obxectivos xa definidos no PES.

De conformidade co artigo 8.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a necesidade de establecer a presente subvención vén determinada polo interese público e social da actuación proposta, orientada á visibilización e posta en valor das achegas das mulleres aos sectores marítimo-pesqueiro, marisqueiro e da industria do mar, ámbitos estratéxicos para o desenvolvemento económico, social e identitario da cidade de Vigo. A actuación subvencionada contribúe á recuperación e difusión da memoria histórica das mulleres vinculadas ao mar, promove referentes femininos en sectores tradicionalmente masculinizados e impulsa a sensibilización social en materia de igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporando a perspectiva de xénero na transferencia de coñecemento á cidadanía. Así mesmo, o proxecto favorece o empoderamento das mulleres e das novas xeracións mediante a promoción de modelos de referencia femininos e o fomento da participación das mulleres nos distintos ámbitos da actividade marítimo-pesqueira e marisqueira.

En consecuencia, a actuación encaixa plenamente nos obxectivos estratéxicos previstos na liña 4.8 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024/2026, ao contribuír á visibilización da contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia mediante actividades de investigación, educativas ou culturais, así como á promoción da igualdade efectiva e da participación das mulleres en ámbitos profesionais e sociais vinculados ao sector do mar. Todo isto sen que afecte negativamente ao Plan Estratéxico de Subvencións, toda vez que a actuación financiada se integra nunha das liñas estratéxicas aprobadas e contribúe á consecución dos seus obxectivos.

Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a Fundación para a pesca e o marisqueo (FUNDAMAR) e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar* no ano 2026, que estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 30 de outubro do 2026, incluídos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 68 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

2º. Autorizar o gasto de 10.000 euros (dez mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890007 *FUNDAMAR*, proxecto *Sereas* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para facer fronte aos gastos derivados da execución deste convenio.

3º. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicalo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3º. Aprobar o texto do convenio que deseguido se transcribe:

En Vigo, na casa do Concello, o (data da sinatura electrónica)

REUNIDAS

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de acordo coas Resolucións de Alcaldía dos días 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e 25/09/2025 (BOPPO núm. 186 do 30 de setembro de 2025) e o Acordo da Xunta de Goberno Local do 07/11/2025 (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025), asistida por dona Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local, para os efectos de dación da fe pública.

Doutra parte, don Francisco Javier Touza Touza, como presidente do Padroado da Fundación para a Pesca e o Marisqueo (en adiante, *FUNDAMAR*), co CIF G27745397 e enderezo social no Porto Pesqueiro, s/n, 36202 Vigo, en representación de *FUNDAMAR* segundo resulta dos seus estatutos e da documentación que figuran no expediente núm. 14496-224.

Tendo, daquela, as partes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio

MANIFESTAN QUE:

I. *FUNDAMAR* é unha fundación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo o 24/06/2010 e clasificada de interese laboral por Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 04/10/2010 (DOG núm. 204, do 22 de outubro).

Por Resolución da secretaría xeral da Consellería de Traballo e Benestar do 15/12/2010 (DOG núm. 249, do 29 de decembro) foi declarada de interese galego e figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2010/13.

FUNDAMAR está integrada pola Cooperativa de Armadores/Armadoras de Pesca do Porto de Vigo (ARVI) e os sindicatos UGT e CCOO, que conforman a maioría da representación no ámbito social e económico da pesca marítima e o marisqueo da Comunidade autónoma de Galicia. *FUNDAMAR* é a primeira experiencia deste tipo, calquera que sexa o ámbito territorial que se contemple, que ten unha representación paritaria entre a parte empresarial e os sindicatos nos seus órganos de goberno e de control.

II. *FUNDAMAR* naceu co propósito de crear, impulsar, dirixir e/ou participar en proxectos e/ou actuacións que teñan por finalidade a mellora das condicións sociais e de produtividade

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 69 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dos e das traballadores e traballadoras, organizacións e empresas relacionadas ou dependentes do sector da pesca e o marisqueo.

Para a consecución destes fins, FUNDAMAR desenvolve a súa actividade en 4 áreas de actuación:

- Seguridade e prevención, a través da realización de estudos, guías de boas prácticas, accións de promoción e campañas de sensibilización.
- Social, con iniciativas e proxectos relacionados coa mellora do benestar social dos e das profesionais do mar, impulsando a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e abordando as cuestións de xénero.
- Formación marítima, con estudos de detección de necesidades formativas adecuadas ás necesidades reais que incidan en tripulantes e armadores/armadoras.
- Técnica, con iniciativas estratéxicas nas que transcenden todos os proxectos e estudos de I+D+I, nos ámbitos da prevención de riscos laborais, seguridade marítima, RSE, promoción dos recursos e produtos do medio ambiente mariño.

En relación coa promoción da igualdade de oportunidades, FUNDAMAR persegue os seguintes obxectivos: facilitar e promover as condicións de acceso ao emprego baixo criterios de igualdade e equidade, a formación marítima con perspectiva de xénero e impulsar e promover servizos e programas para o fomento da igualdade de xénero e igualdade de oportunidades, a acción social, a asistencia e a plena inclusión de mulleres e homes no sector marítimo pesqueiro e marisqueiro.

III. Desde 2017, FUNDAMAR desenvolve na cidade de Vigo o programa *Sereas, as mulleres do mar*.

O programa *Sereas, as mulleres do mar* é un programa de carácter divulgativo e de concienciación social que naceu para visibilizar, recoñecer e poñer en valor o papel das mulleres no sector marítimo-pesqueiro e conserveiro de Galicia e mostrar a contribución fundamental das mulleres ao desenvolvemento económico, social e cultural do sector a través da súas historias de vida, traxectorias profesionais e saberes transmitidos de xeración en xeración, coa finalidade de promover a reflexión sobre a igualdade no sector e xerar espazos de encontro e memoria colectiva.

Este programa persegue os seguintes obxectivos: dar a coñecer referentes femininos do sector mar-industria, identificar e visibilizar figuras femininas que desenvolveron papeis fundamentais no sector, enaltecer a participación socioeconómica das mulleres no sector, recoñecer o papel da muller na Revolución industrial en Galicia, favorecer a creación de espazos de encontro e diálogo entre mulleres do sector, investigadoras e sociedade civil, integrar a perspectiva de xénero na análise histórica, social e económica do sector mar-industria e contribuír á construción dun relato colectivo máis inclusivo sobre a historia e o presente do sector mar-industria galego.

IV. O Concello de Vigo, no seu orzamento aprobado para o exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 2311 4890007 *FUNDAMAR, proxecto Sereas*, prevé nominativamente a concesión dunha subvención a favor de FUNDAMAR polo importe de 10.000 euros.

V. Este convenio é acorde coa seguinte normativa:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 70 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

a) A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que establecen que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e que exercerán competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, nas materias de: actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero (art. 25.2.o) Lei 7/1985), execución de programas propios destinados á muller (art. 80.2.o) Lei 5/1997).

b) A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que imponse aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e, en concreto, ás Entidades locais imponse o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, para tal efecto, co resto das Administracións públicas. A Lei establece como criterios xerais de actuación dos poderes públicos, entre outros: a integración do principio de igualdade de trato e de oportunidades no conxunto das políticas económica, laboral, social, cultural e artística, co fin de evitar a segregación laboral e eliminar as diferenzas retributivas, así como potenciar o crecemento do empresariado feminino en todos os ámbitos que abarque o conxunto de políticas e o valor do traballo das mulleres, incluído o doméstico; o fomento de instrumentos de colaboración entre as distintas Administracións públicas e os axentes sociais, as asociacións de mulleres e outras entidades privadas; e o fomento da efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes nas relacións entre particulares (art. 14).

c) A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establecen que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concedente (art. 28.1 e art. 26.1, respectivamente).

d) O V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno do 23 de febreiro de 2026, que establece, entre outros, o seguinte obxectivo específico e as seguintes medidas:

Obxectivo específico 48: *Visibilizar e impulsar a participación das mulleres do mar.*

Medida 2.20: *Reforzar e visibilizar a participación socioeconómica das mulleres no sector, poñer en valor os roles desenvolvidos polas mulleres nos oficios do mar e promover a igualdade de xénero neste sector laboral, reforzando a sensibilización social sobre a importancia da participación e achegas das mulleres nos sectores estratéxicos da cidade.*

Medida 7.10: *Visibilizar a contribución das mulleres de Vigo, e da súa contorna, no sector do mar e proporcionar ferramentas que contribúan á transferencia da investigación á sociedade con perspectiva de xénero.*

e) A Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade do 28 de xuño de 2024 (BOPPO núm. 133 do 09/07/2024), que delega na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en materia de igual-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 71 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dade, entre outras, as seguintes atribucións: promover, desenvolver e difundir accións tendentes a visibilizar e incrementar a presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisións, abrindo canles de participación para impulsar o empoderamento das mulleres, favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo e cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade.

f) Este convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a base núm. 40 das Bases de execución do orzamento xeral do ano 2026.

VI. FUNDAMAR non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade, documento incorporado ao expediente deste convenio.

VII. FUNDAMAR está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VIII. En base ás precedentes consideracións e ao interese social que, para a cidade de Vigo, representa o programa *Sereas, as mulleres do mar*, nos eidos da promoción da igualdade, de visibilización e de recoñecemento do papel das mulleres no sector do mar e a súa industria e de empoderamento das novas xeracións de mulleres, o Concello de Vigo e FUNDAMAR conveñen a súa colaboración en base ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade do convenio

O obxecto deste convenio é regular os termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente no orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2026 a favor de FUNDAMAR para o desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar* no ano 2026.

Os obxectivos, as actividades que se van desenvolver e o orzamento do programa están descritos na memoria do programa presentada pola entidade e que figura no expediente deste convenio.

SEGUNDA.- Descrición do programa e accións a desenvolver

No desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar*, FUNDAMAR levará a cabo as seguintes accións de divulgación e participación:

- Repositorio Sereas
- XII xornada Sereas
- Roteiro Sereas

Repositorio Sereas

Esta actividade consiste na continuidade e ampliación do repositorio *SomosSereas*, que é unha iniciativa destinada á recuperación e á difusión das historias da vida de mulleres pertencentes a diferentes ámbitos do sector mar-industria (extracción, transformación, comer-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 72 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

cialización, investigación xestión ou representación institucional), cos obxectivos de visibilizar e de poñer en valor o seu papel na economía e na sociedade e contribuír á recuperación da memoria histórica feminina e á xeración de referentes.

As testemuñas das mulleres protagonistas, mínimo 2, recompilaranse en vídeos e en fichas divulgativas.

XII xornada Sereas

A XII xornada Sereas consiste nun encontro divulgativo de investigadoras, profesionais do sector, representantes institucionais e público interesado coa finalidade de compartir coñecementos, experiencias e reflexións sobre a igualdade de xénero, a memoria histórica e a participación feminina no ámbito do mar.

A actividade inclúe: a presentación das novas mulleres protagonistas do repositorio Sereas, relatorios, mesas redondas e espazos de diálogo para a difusión do coñecemento xerado, a visibilización das contribucións das mulleres e a concienciación social sobre o seu papel na economía do sector.

Roteiro Sereas

Esta actividade consiste nunha ruta de navegación pola ría de Vigo durante a que se ofrecerán explicacións divulgativas sobre a evolución histórica, destacando especialmente o papel das mulleres en diferentes ámbitos do sector mar-industria como o marisqueo, o traballo nas fábricas conserveiras, a comercialización do peixe e outras actividades vinculadas á economía do mar coa finalidade de achegar ao público unha visión inclusiva da historia do sector, visibilizando a contribución das mulleres.

TERCEIRA.- Obrigas de FUNDAMAR

No marco deste convenio, FUNDAMAR queda obrigada a:

1. Desenvolver o programa *Sereas, as mulleres do mar* conforme a estipulación 2ª e a memoria do programa que presentou para este convenio.
2. Cumprir as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

Os datos de carácter persoal que FUNDAMAR obteña ao abeiro deste convenio non poderán ser obxecto de uso particular, nin de cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade deba obter para cumprir as obrigas establecidas neste convenio deberán recollese previa autorización asinada das participantes. Esta autorización firmada deberá indicar o uso que se vai facer deses datos, así como que serán cedidos ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo e a outras Administracións públicas cando sexa necesario para o lexítimo exercicio das súas competencias ou en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. En todo caso, deberá cumprirse a normativa vixente en materia de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 73 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Solicitar e obter por escrito o consentimento das persoas entrevistadas para ser gravadas, así como de calquera outra persoa que figure en calquera das pezas audiovisuais. A autorización deberá respectar as leis vixentes en materia de privacidade e dereitos de imaxe. Os consentimentos expresos deberán obterse con carácter previo ás gravacións.
4. Velar para que as pezas audiovisuais non infrinxan ningún dereito de autoría nin de propiedade intelectual e para que non conteñan informacións que poidan violar os dereitos de terceiras persoas.
5. Responsabilizarse de calquera reclamación administrativa ou xudicial, presente ou futura, que poida xurdir en relación coas pezas audiovisuais producidas, así como de calquera outra consecuencia derivada das ditas pezas.
6. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga de FUNDAMAR difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no programa *Sereas, as mulleres do mar* financiado por este convenio, incluídos a páxina web, blog e redes sociais propias. Así, calquera representante ou portavoz da entidade deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades do programa en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

7. Asumir todo o concernente á organización xeral, desenvolvemento e difusión das actividades do programa subvencionado, achegando a infraestrutura, o equipo humano e o equipamento técnico que sexan necesarios para o seu bo desenvolvemento (incluíndo as necesidades técnicas necesarias nos actos de inauguración e/ou presentación ao público, medios, etc.). Todos os soportes, elementos, materiais, accesorios, etc. que se utilicen para a execución das actividades subvencionadas deberán estar en perfecto estado de conservación e mantemento e cumprir a normativa vixente en materia de seguridade e instalación.
8. Xestionar e aboar todos os gastos que se deriven da organización, produción e desenvolvemento das actividades subvencionadas e obter todos os permisos para a súa realización. Todos os gastos e impostos, incluídos os dereitos de autoría (SGAE, etc.) derivados das actividades subvencionadas serán por conta de FUNDAMAR.
9. Todas as actividades desenvolvidas por FUNDAMAR na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma, a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social, así como da posible responsabilidade civil. Será responsabilidade exclusiva da entidade calquera defecto na cobertura. En caso de sinistro ou accidente, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa pola aplicación de franquías ou outro tipo de descuberto do seguro contratado, deberá ser soportada por FUNDAMAR.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 74 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

10. Asumir todas as responsabilidades que poidan derivarse da organización e da realización do programa subvencionado.
11. Desenvolver as actividades subvencionadas garantindo o cumprimento das normas de protección de riscos e a debida protección para o persoal ao seu cargo e para a cidadanía. As tarefas que así o requiran deberán realizarse por persoal especializado e cualificado na prevención de riscos laborais garantindo a debida protección e cumprimento das normas de protección de riscos. Calquera incumprimento a este respecto será responsabilidade única de FUNDAMAR e non do Concello de Vigo.
12. Cumprir todos os requirimentos legais que afecten as actividades subvencionadas, cumprir as disposicións en vigor en relación coas traballadoras e traballadores e funcións ao seu cargo, en todos os seus aspectos, incluídos os de Seguridade Social, hixiene laboral, riscos laborais, así como o pagamento dos impostos, recargas e arbitrios que se deriven destas actividades. A persoa ou o persoal que preste servizos en FUNDAMAR non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.
13. Responder da veracidade dos datos comunicados e dos documentos presentados ao abeiro deste convenio.
14. Executar as actividades subvencionadas asumindo a responsabilidade da súa organización e desenvolvemento. En ningún caso poderá producirse unha substitución da beneficiaria por outra entidade no desenvolvemento do programa subvencionado.
15. Xustificar a aplicación dos fondos recibidos á realización do programa subvencionado e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, dentro do prazo e na forma previstos neste convenio.
16. Utilizar unha linguaxe e unha imaxe non sexistas en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.
17. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos que lles facilitará tanta información lle sexa requirida para estes efectos, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
18. Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, autonómica, nacional ou internacional, que financien as actividades subvencionadas, así como calquera modificación das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención.
19. As obrigas de FUNDAMAR, como beneficiaria da subvención nominativa que se regula por este convenio, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 75 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

20. Informar puntualmente ao Servizo de Igualdade de calquera incidencia que puidera acontecer no desenvolvemento das accións subvencionadas.

CUARTA.- Obrigas do Concello de Vigo

Coa sinatura deste convenio, o Concello de Vigo obrígase a conceder directamente a FUNDAMAR unha subvención por importe de 10.000 euros para o desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar* no ano 2026, que se imputará á aplicación orzamentaria 2311 4890007 FUNDAMAR, proxecto *Sereas* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Se o custo total das actividades subvencionadas resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución das actividades subvencionadas as actuacións ou elementos previstos como integrantes delas, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

En calquera caso, o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non poderá superar o custo das actividades subvencionadas, no caso de superalo procederase na forma prevista no art. 34 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para os casos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

QUINTA.- Compatibilidade da subvención

A subvención concedida polo Concello de Vigo ao abeiro deste convenio é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

FUNDAMAR deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada, no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para os casos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

SEXTA.- Pagamento da subvención

O Concello de Vigo aboará o importe de 10.000 euros no mes de novembro de 2026, previo informe do Servizo de Igualdade que acredite o cumprimento do convenio unha vez que FUNDAMAR achegue a documentación xustificativa da subvención concedida.

Antes de proceder ao pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 76 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes dela, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SÉTIMA.- Subcontratación

FUNDAMAR poderá subcontratar con terceiras persoas ata un 90% do importe das actividades subvencionadas segundo o previsto no art. 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no art. 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta circunstancia non poderá implicar, en ningún caso, a cesión do programa subvencionado nin a substitución na súa execución en favor doutra/s entidade/s. FUNDAMAR deberá manter en todo momento a condición de organizadora do programa e a súa dirección e responsabilidade.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 29.7 da Lei xeral de subvencións e 27.7 da Lei de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e avaliación deste convenio de colaboración establécese unha Comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, estará formada ademais, previo nomeamento pola presidenta, polas seguintes persoas:

- Polo Concello: a xefa do Servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue, que actuará ademais como secretaria.
- Por FUNDAMAR: 2 persoas designadas pola entidade para tal fin.

Esta comisión terá como funcións a avaliación dos resultados da execución do convenio, o seguimento do estado de gastos e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse, cando menos, unha vez ou a pedimento de calquera das partes.

Destas reunións redactarase sempre a correspondente acta.

NOVENA.- Publicidade

1. O Concello de Vigo, conforme o establecido pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no ar-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 77 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, rexistrará e daralle publicidade a este convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

- FUNDAMAR deberá dar adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar*. Para isto, a beneficiaria colocará, en lugar visible para o público, un cartel que identifique o Concello de Vigo e o Servizo de Igualdade e que indique que o acto/a actividade que se está a realizar está financiado/a polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á páxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará ao Servizo de Igualdade, coa suficiente antelación, a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.

Así, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades subvencionadas en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria final que presente a beneficiaria (anuncios na prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa difusión da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.).

DÉCIMA.- Duración e vixencia

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 30 de outubro de 2026, incluído.

FUNDAMAR poderá imputar á subvención concedida os gastos que realice, en execución deste convenio, entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de outubro de 2026 (ambos incluídos).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación do convenio

Calquera alteración do contido deste convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente addenda.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

O convenio extinguirse polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto, polo acordo unánime das partes, pola decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou polo incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polas partes. Neste último caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra, nun prazo determinado, as obrigas ou compromisos que considera incumpridos. De non cumprirse tal requirimento, procederá a resolución do convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, para os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 78 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

efectos da resolución do convenio estarase ao disposto na súa normativa reguladora (art. 52 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e concordantes).

DÉCIMO TERCEIRA.- Xustificación

1. Prazo

A data límite para que FUNDAMAR presente a conta xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e da aplicación dada á subvención concedida é o 6 de novembro de 2026, incluído.

2. Procedemento

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego de medios electrónicos para presentar a documentación xustificativa da subvención outorgada.

A beneficiaria presentará a documentación xustificativa a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo ao que se accede pola sede electrónica do Concello. A beneficiaria poderá utilizar calquera dos sistemas de identificación e sinatura electrónica admitidos, que se poden consultar no enlace: <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

Os documentos que requiran sinatura, asinaranse electronicamente antes do seu envío a través do Rexistro xeral do Concello.

3. Documentación

FUNDAMAR deberá presentar, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo:

- Un escrito asinado polo seu representante no que solicite o pago da subvención.
- A conta xustificativa do gasto realizado, integrada pola seguinte documentación:

a) Memoria económica, na que deberán constar:

- Unha declaración, asinada pola persoa representante de FUNDAMAR, das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e do seu custo, co detalle de cada un dos gastos e pagos realizados.
- Unha declaración, asinada pola persoa representante, de que os gastos que se imputan á subvención aplicáronse ás actividades subvencionadas e de que o programa que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 11.812,65 euros (importe do orzamento do programa presentado por FUNDAMAR para este convenio).
- As facturas e/ou documentos de valor probatorio equivalente polo importe da subvención concedida, asinados pola persoa representante de FUNDAMAR.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 79 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As facturas deberán indicar CIF, data, número de factura e IVE. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que FUNDAMAR xustifique que está exenta de presentar declaración polo IVE.

No caso de que se xustifique a subvención con gastos de persoal, deberán achegarse as nóminas, que deberán estar asinadas pola persoa representante de FUNDAMAR e polo ou pola profesional contratada.

- Acreditación de que os gastos realizados imputados a esta subvención foron efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación (transferencias bancarias...).
- Declaración responsable, asinada pola persoa representante, de que a beneficiaria atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro (art. 31.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia).
- Declaración responsable, asinada pola persoa representante, sobre a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, autonómica, nacional ou internacional, que financien as actividades subvencionadas, con indicación, de ser o caso, do seu importe e da súa procedencia.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, acreditación de que foi practicada a retención, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

b) Memoria final, asinada pola persoa representante de FUNDAMAR, que deberá indicar, dun xeito cuantitativo e cualitativo, todas as actividades realizadas no marco deste convenio, con indicación das persoas participantes en cada unha das actividades, con datos desagregados por sexo.

c) Reportaxe gráfica das actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio.

d) Acreditación da publicidade dada ao carácter público do financiamento das actividades subvencionadas (anuncios na prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa difusión da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.).

e) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables os que se realicen desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 30 de outubro de 2026 (incluídos) e respondan, de xeito indubidable, á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento presentado por FUNDAMAR para o desenvolvemento do programa *Sereas, as mulleres do mar* no ano 2026.

Son gastos subvencionables, sen carácter excluínte, os seguintes: salarios, honorarios das relatoras e do persoal técnico, material funxible, xestoría, seguros, gastos de difusión, gastos de produción das pezas audiovisuais, gastos de transporte e desprazamentos, alugueiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 80 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

de instalacións, de mobiliario ou de equipamento, consumos (teléfono, luz, distribución postal...), etc.

Non son gastos subvencionables os gastos de adquisición de patrimonio nin os gastos de investimento (adquisición de mobiliario, equipamento, etc.).

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención sempre que se imputen á actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza as actividades do programa.

DÉCIMO QUINTA.- Comprobación da subvención

A axeitada xustificación da subvención, a realización das actividades subvencionadas e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda, serán comprobados polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

DÉCIMO SEXTA.- Obriga de información

FUNDAMAR deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

DÉCIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro da axuda

Dará lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste convenio, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Serán causas de invalidez da concesión da subvención as previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do programa presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 81 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No caso de que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do programa subvencionado procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo do programa, así como a esixencia dos xuros de demora correspondentes.

DÉCIMO OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención regulada neste convenio e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO NOVENA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos da entidade beneficiaria da subvención, os do seu representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade conforme a normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, ante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 82 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

VIXÉSIMA.- Normativa de aplicación

A subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as estipulacións que se conteñen neste convenio; as bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten carácter administrativo e rexerese polo establecido nas súas estipulacións, quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público agás, de ser o caso, para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola Comisión de seguimento. A falta de acordo, someteranse aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, na data da súa sinatura dixital.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(540).- MANIFESTO INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI. EXPTE. 14607/224.

Sométese a aprobación o manifesto de data 18/06/2026, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira delegada de Igualdade e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Primeiro.- O día 28 de xuño conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGTBI, data de especial relevancia para a promoción dos valores de igualdade, respecto pola diversidade e non discriminación, así como para a visibilización da realidade das persoas lesbianas, gais, bisexuais, trans e intersexuais.

Segundo.- O artigo 14 da Constitución española reconece o dereito á igualdade e á non discriminación, mentres que o artigo 9.2 impón aos poderes públicos o deber de promover as

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 83 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Terceiro.- A Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación, ten por obxecto garantir e promover o dereito á igualdade de trato e á non discriminación, establecendo principios de actuación dos poderes públicos e medidas destinadas a previr, eliminar e corrixir toda forma de discriminación (arts. 1 e 2).

Cuarto.- A Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, establece que os poderes públicos, no ámbito das súas competencias, desenvolverán todas as medidas necesarias para recoñecer, garantir, protexer e promover a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación e identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais das persoas LGTBI e as súas familias.

Quinto.- As entidades locais, como administracións públicas máis próximas á cidadanía, desempeñan un papel fundamental na promoción dos valores democráticos, da convivencia e do respecto aos dereitos fundamentais, resultando procedente a adopción de iniciativas de carácter institucional que contribúan á sensibilización social e á defensa da igualdade de trato e de oportunidades.

Sexto.- A aprobación do manifesto institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI constitúe unha actuación de carácter institucional e declarativo, sen contido normativo, non implicando a asunción de obrigas económicas para a Facenda municipal, polo que o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa pola Intervención Xeral municipal.

Sétimo.- De conformidade co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos municipios de gran poboación corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción daqueles acordos que non estean expresamente atribuídos ao Pleno ou á Alcaldía e que formen parte das funcións de dirección política e administrativa do goberno municipal. Segundo o disposto no artigo 126.1 da Lei de bases a Xunta de Goberno Local é o órgano que, baixo a presidencia do alcalde, colabora de forma colexiada na función da dirección política que a este corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da Lei de bases.

En consecuencia, considérase órgano competente para a aprobación do presente manifesto institucional a Xunta de Goberno Local.

Á vista do exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a proposta de aprobación do manifesto institucional con motivo da conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI para a súa consideración e, se procede, aprobación.

PROPOSTA DE ACORDO:

“**PRIMEIRO:** Aprobación do seguinte manifesto:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 84 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Manifesto con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI

Cada 28 de xuño conmemoramos o Día Internacional do Orgullo LGTBI, unha data que nos convida a lembrar a loita de tantas persoas que, ao longo da historia, sufriron discriminación, persecución e exclusión por razón da súa orientación sexual.

O Orgullo ten a súa orixe na reivindicación da liberdade, a igualdade e a dignidade de todas as persoas. Naceu como unha resposta fronte á inxustiza e como unha afirmación do dereito de cada ser humano a vivir con autenticidade, sen medo e sen discriminación. O seu legado forma parte da historia dos dereitos civís e da construción de sociedades máis libres e democráticas.

España experimentou unha profunda transformación nas últimas décadas. Pasamos dunha realidade marcada pola invisibilidade e a discriminación a un marco xurídico que recoñece e protexe os dereitos das persoas LGTBI. Este avance foi posible grazas ao compromiso da sociedade civil, do movemento asociativo, de quen defendeu a igualdade en circunstancias difíciles e das institucións democráticas que fixeron súas esas reivindicacións.

A aprobación do matrimonio igualitario en 2005 constituíu un paso decisivo nese camiño. Supuxo o recoñecemento da igualdade de dereitos e consolidou un principio fundamental: que todas as persoas merecen a mesma consideración, o mesmo respecto e a mesma protección por parte da lei.

Sen embargo, a igualdade legal non sempre se traduce automaticamente nunha igualdade real e efectiva. Aínda existen manifestacións de intolerancia, discriminación e odio que afectan as persoas do colectivo LGTBI e dificultan o pleno exercicio dos dereitos e liberdades que a nosa Constitución e o noso ordenamento xurídico garanten. A prevención e erradicación destas condutas requiren a implicación dos poderes públicos, do sistema educativo, dos medios de comunicación e do conxunto da cidadanía.

O Día do Orgullo é tamén unha oportunidade para reafirmar os valores que sustentan a nosa convivencia democrática: a liberdade, a igualdade, o respecto e a dignidade humana. Unha sociedade democrática fortalécese cando protexe os dereitos das minorías, combate calquera forma de discriminación e garante que todas as persoas poidan desenvolver o seu proxecto de vida en condicións de igualdade.

Defender os dereitos das persoas LGTBI significa fortalecer os valores constitucionais de liberdade, igualdade e dignidade humana. Significa garantir que todas as persoas poidan desenvolver o seu proxecto de vida con plenitude, seguridade e respecto, con independencia da súa orientación sexual. Significa reafirmar o compromiso da nosa sociedade coa igualdade de dereitos, a convivencia democrática e o recoñecemento da dignidade de todas as persoas.

Neste Día Internacional do Orgullo LGTBI renovamos o noso compromiso cos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a liberdade individual. Reafirmamos a necesidade de seguir construíndo unha sociedade na que ninguén teña que ocultar quen é, na que todas as persoas poidan vivir con seguridade e dignidade, e na que o respecto mutuo sexa a base da nosa convivencia.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 85 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Hoxe rendemos homenaxe a quen abriu camiño cando facelo supuña afrontar incompreensión, rexeitamento ou marxinação. Grazas á súa valentía, as xeracións actuais gozan de maiores cotas de liberdade e de igualdade. O seu legado lémbra-nos que os dereitos conquistados deben ser protexidos, defendidos e transmitidos ás xeracións futuras.

O Día Internacional do Orgullo LGTBI é, ante todo, unha celebración da liberdade e da igualdade. Unha oportunidade para reafirmar que todas as persoas merecen o mesmo respecto, a mesma consideración e a mesma protección dos seus dereitos. Tamén é un chamamento a continuar avanzando cara a unha sociedade na que a dignidade humana, a igualdade ante a lei e o pleno exercicio dos dereitos sexan unha realidade efectiva para todas as persoas.

Feliz Día Internacional do Orgullo LGTBI.

GOBERNO DE VIGO

SEGUNDO: Dar a coñecer á cidadanía o manifesto acordado a través dun bando municipal”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(541).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE PARA O PROGRAMA DE A APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM). PROCEDEMENTO SI427B. EXPTE. 14608/224.

Visto o informe de fiscalización de data 19/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2026, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e pola asesora xurídica do Servizo de Igualdade, que di o seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Orde do 3 de xuño de 2026, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos centros de información á muller (CIM), de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 109 do 12 de xuño de 2026).

O Concello de Vigo, a través do Servizo de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin.

O Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), é un servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres adscrito á Concellería de Igualdade, no que se promove unha intervención multidisciplinar e integral dende unha perspectiva de xénero, desenvolvendo programas específicos de apoio e atención ás vítimas da violencia de xénero. É un centro acreditado segundo o establecido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 86 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

No uso das competencias que atribúe en materia de igualdade e promoción das mulleres a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril) e por Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025 de modificación da estrutura da administración do Concello de Vigo (BOPPO núm. 186 do 30 de setembro de 2025), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025 de modificación da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os titulares das Concellerías de Área de Goberno (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025).

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria o programa que de seguido se indica:

a) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B).

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller do Concello de Vigo”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 90.000,00 €

Axuda solicitada: 52.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme o punto 5 do artigo 6 da Orde da convocatoria).

A proposta contida no presente expediente refírese unicamente á solicitude dunha subvención e non comporta, nesta fase de tramitación, a realización directa dun gasto para o Concello de Vigo, polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa da Intervención Xeral municipal. Sen prexuízo do anterior, remítese á Intervención Xeral para a emisión do informe preceptivo previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta o Servizo de Igualdade por un importe total de 52.000,00 €, en base ao disposto na Orde do 3 de xuño de 2026, que establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos centros de información á muller (CIM), de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Código de procedemento SI427B (DOG núm. 109 do 12 de xuño de 2026), para o seguinte programa:

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller do Concello de Vigo”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 90.000,00 €.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 87 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Axuda solicitada: 52.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme co artigo 6.5 da Orde da convocatoria).

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(542).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES”. EXPTE. 12968/307.

Visto o informe de fiscalización do 17/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/06/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO:

Con data 26 de xaneiro de 2026, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES.

Con data 16/03/2026 o Alcalde resolveu o seguinte:

“Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a xestión, tramitación, execución e seguimento dos expedientes de contratación administrativa de obra pública dos proxectos que a continuación se relacionan

- **Reforma da fachada dos locais municipais na rúa Elduayen.**
- Reforma dos locais da rúa Carral e humanización da rúa Laxe.
- Reparación muro contención finca Mirambell”.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 26 de xaneiro de 2026, para o inicio do expediente de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 88 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- PROXECTO DE OBRAS DE “REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES”, redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2026, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 28 de abril de 2026 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico coa mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 29 de maio de 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa de área de contratación e novos proxectos coa mesma data.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

Quinto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 89 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- ACORDO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto **SIMPLIFICADO** e tramitación ordinaria DAS OBRAS DE REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES, redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado o 29 de maio de 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa de área de contratación e novos proxectos coa mesma data.

3º.- Autorizar o gasto total de CENTO SETENTA E OITO MIL CENTO CINCUENTA EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (178.150,50 €) sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (30.918,68 €) con cargo á aplicación 3360.6320040.- REFORMA FACHADA LOCAIS ELDUAYEN do exercicio orzamentario vixente (proxecto 25336040).

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(543).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO VACANTE DE “XEFE/A DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA”, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 48762/220.

Visto o informe de fiscalización de data 22/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 90 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolvemento en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente en data 13.01.2024 a súa provisión definitiva, previa a calendarización xeral efectuada nas actuacións municipais de provisión definitiva, e atendendo á situación de vacante do posto de traballo obxecto de convocatoria, en garantía do normal funcionamento do servizo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 91 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).

- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 92 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha Ley 2/2015, que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión dos postos de xefatura, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de traballo obxecto de convocatoria, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos ad-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 93 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ministrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

ASUNTO: BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECIFICO

En execución do disposto en acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/03/2024, así como nas resolucións administrativas de datas 04/11/2022, 10/11/2022, 16/04/2024 e 21/05/2025 designando ao persoal funcionario de carreira instructor/a da provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo; pola presente e ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do regulamento de organización, fun-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 94 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

cionamento e réxime xurídico das entidades locais, emítase o presente **INFORME** contendo as bases que rexerán a convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de Xefatura do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, polo procedemento de concurso específico, nos termos seguintes:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECIFICO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante "Xefe/a do Servizo de Normalización Lingüística" e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOPPO núm. 237, do xoves 11 de decembro do 2025, coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Normalización Lingüística
- Servizo no que se adscribe: Servizo de Normalización Lingüística
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2250101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.
- Grupo: A1
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 25.046,00 €
- Sistema de provisión: concurso específico
- Formación específica: segundo RPT (Celga 5 e grao en estudos de galego e español, lingua e literatura galegas, galego-portugués ou licenciaturas equivalentes a calquera outro grao de licenciatura da área de coñecemento e humanidades ou ciencias sociais e xurídicas segundo o espazo MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega de nivel 5 (CELGA 5)

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Unidade publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 95 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira pertencente a calquera das Administracións Públicas a das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupo A1 de titulación, da Escala de Administración Especial.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 96 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugna-la directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoráranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoráranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorárase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 97 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.
Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asisten-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 98 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

cia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concurse e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 99 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 100 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 101 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborárase dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 102 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicárase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederá a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 103 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 104 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

20(544).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE “XEFE/A PSEIS EXTINCIÓN DE INCENDIOS”, MEDIANTE O SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 49148/220.

Visto o informe de fiscalización de data 22/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/06/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolto en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente por resolución de incoación de expediente, e unha vez considerada a necesidade de priorizar a provisión definitiva dos postos de mando e liderazgo xerárquico no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (SPEIS) en atención aos aspectos do contido do “Estudio de

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 105 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

la organización, postos de traballo, réxime retributivo, eficiencia en la prestación y condiciones de seguridad y salud en el Servicio de Prevención, Extinción de Incendios y Salvamento (SPEIS) del Concello de Vigo”, elaborado pola contratista ACONSELA, S.L. en 2023, e no cal, e entre outros aspectos, se indica a necesidade de reforzar a estrutura de mando e o liderazgo no servizo analizado, de estrutura fortemente xerarquizada, conforme ao establecido no regulamento rector do mesmo.

A prioridade no reforzamento no mando dun servizo esencial como é o SPEIS, e a declaración de deserta en primeira convocatoria por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/02/2026, tramitada en expediente nº 47.083-220, motiva a necesidade de segunda convocatoria da provisión definitiva do posto de traballo de xefatura, en garantía do debido exercicio das competencias municipais en materia de seguridade e da prevención e extinción de incendios e salvamento, fortalecendo a cadea de mando en rango xerárquico superior aos sarxentos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerense polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derroga-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 106 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

toria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto de xefatura do SPEIS, dada a responsabilidade profesional inherente á mesma; memoria que pode ser consultada por calquera persoa interesada ao estar publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 107 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura do SPEIS, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que reproducen en esencia o modelo tipo determinado para a provisión de outros postos de traballo con convocatorias públicas xa resoltas e convocadas polo procedemento de libre designación (así, a título exemplificativo, a xefatura do Servizo de Administración Electrónica, xefatura da Unidade Administrativa da Alcaldía; ou oficial subxefe do SPEIS).

Consta tramitada unha primeira convocatoria para a provisión definitiva do posto de traballo, declarada deserta por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/02/2026 -dada a falta de idoneidade, acreditada no procedemento, dos aspirantes presentados conforme ás bases reitoras da convocatoria pública- e tramitada en expediente nº 47.083-220; situación que motiva a necesidade de segunda convocatoria da provisión definitiva do posto de traballo de xefatura.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 108 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (segunda convocatoria) mediante o procedemento de libre designación, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar, en segunda convocatoria pública, o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN (SEGUNDA CONVOCATORIA)

Primeira.- Obxecto da Convocatoria.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva, polo procedemento de libre designación, do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) en segunda convocatoria, tras a declaración, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de febreiro do 2026, de deserta da primeira convocatoria realizada (expediente nº 47.083-220)

Segunda.- Características do posto de traballo.

O posto de traballo convocado atópase recollido na vixente relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra núm. 237, do xoves 11 de decembro do 2025, e dispoñible no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, sendo as súas características as seguintes:

Denominación do posto: "Xefe/a Servizo Extinción de Incendios e Salvamento".

Servizo no que se adscribe: Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento

Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2130101

Escala: Administración Especial, subescala Extinción de Incendios, Servizos Especiais,

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 109 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cometidos especiais.
 Subescala: Técnica Superior/Técnica Media
 Grupo: A. subgrupo: A1/A2
 Tipo: singularizado
 Complemento de destino: 26
 Complemento específico: 618
 Complemento específico anual: 43.403,22 euros
 Forma de provisión: Libre designación
 Titulación: 1-2
 Formación específica: non se esixe

Respecto ás funcións asociadas, exercerá aquelas contempladas na normativa vixente de aplicación ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, na súa condición de xefatura do servizo e nos termos contemplados no Regulamento do Servizo, aprobado por acordo plenario de data 02/03/1998 e publicado no BOPPO do 07/04/1998, e Guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, publicadas no Portal de Transparencia (www.transparencia.vigo.org)

Terceira.- Requisitos de participación.

Poderán concorrer á convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, reúnan as seguintes condicións:

- a) Ser persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial, subescala de Extinción de Incendios, Servizos Especiais, Cometidos especiais, de calquera das Administracións Públicas, pertencente ao grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación, da Escala de Administración Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás a da suspensión de funcións, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias.
- b) Estar en posesión da titulación requirida.- titulación do seguinte grupo de titulación determinado na RPT (apartado 12, "TITU-Titulación", folio 34 da publicación oficial do anuncio no BOPPO):
 - 1.- Grao ou equivalente.
 - 2.- Grao, diplomado universitario ou equivalente

Todos os requisitos deberán posuírse na data da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

Cuarta.- Presentación de solicitudes e documentación.

As solicitudes se dirixirán á Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boleín Oficial do Estado (BOE).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 110 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

A instancia deberá contemplar, como contido mínimo, os datos persoais do/da solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor.
- Copia auténtica da titulación académica oficial indicada na base terceira.
- Currículum vitae no que conste o traballo desenvolvido, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes.
- Certificación acreditativa da condición de persoal funcionario de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado» no modelo normalizado correspondente.

Quinta.- Resolución da convocatoria.

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo de 1 mes contado dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 56 del Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración General del Estado.

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española de 1978 e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública te-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 111 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

rá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario. As presentes bases se adaptan ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 15 de setembro de 2021.

A persoa nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

Sexta.- Toma de posesión.

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou de 1 mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo.

Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponder.

Sétima.- Publicidade.

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da sede electrónica do Concello de Vigo. Asimesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE). A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na sede electrónica do Concello de Vigo.

Oitava.- Recursos.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 112 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

21(545).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ELABORACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA NOS CENTROS ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES DE TITULARIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 1573/2202.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 22/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/06/2026, asinado polo técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de 1 de xuño de 2023, acordou adxudicar a PEDRO MURCIEGO DELGADO (**0887**) o procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202).

O contrato foi formalizado en data 28/06/2023 entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e PEDRO MURCIEGO DELGADO (**0887**) para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202) do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión ordinaria de data 1 de xuño de 2023 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "O prazo do contrato é de tres anos contado a partir do día 1 de xullo de 2023, contémpanse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha". No mesmo senso, o apartado 4.A das FEC "Prazo total: 3 anos" e apartado 4.C das FEC "Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si. Dúas (2) prórrogas de un (1) ano cada unha". En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 30/06/2026.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 28 de xuño de 2023, e a prestación do servizo comezou o 1 de xullo de 2023, co que finaliza o 30 de xuño de 2026. O prezo do contrato é de 275.697,54 € e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que "este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do con-

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 113 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

trato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses". O preaviso ao adxudicatario foi realizado o 30/04/2026.

En consecuencia, procede efectuar unha primeira prórroga do referido contrato, a vista do prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e, informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da Área de Recursos Humanos e Formación para o exercicio económico 2026.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente o funcionario que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202) do Concello de Vigo, formalizado en data 28 de xuño de 2023 a PEDRO MURCIEGO DELGADO (**0887**), para o período comprendido entre o 01 de xullo de 2026 e o 30 de xuño de 2027, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de xuño de 2023; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 83.863,05 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

Año 2026 (xullo a decembro 2026): 41.931,53 €

Año 2027 (xaneiro a Xuño 2027): 41.931,52 €

Segundo.- Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(546).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS "OUTONO LÍRICO 2026". EXPTE. 6678/330.

Visto o informe xurídico do 02/06/2026 e o informe de fiscalización do 19/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 01/06/2026, asinado polo xefe do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 114 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 12 de maio do 2026, a “Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de Concertos Outono Lírico 2026 ; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 60.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05. co obxecto asinar un convenio con esta entidade.

ANTECEDENTES.-

A asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección ao xénero operístico como actividade tanto cultural coma social.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Festival Outono Lírico está composto este ano dos seguintes eventos:

- ✓ **Presentación do Outono Lírico 2026 e concerto de Zara Ruíz**
Auditorio Martín Códax. Conservatorio Superior de Música. 28 de mayo do 2026 ás 20,00 horas.
- ✓ **GRANDES VOCES. Jorge de León e Juan Jesus Rodríguez**
Teatro Afundación. 12 de setembro ás 20,30 horas.
- ✓ **GRANDES VOCES. Celso Albelo e Desirée Rancatore**
Teatro Afundación. 30 de setembro ás 20,30 horas.
- ✓ **TRISTANA. Miguel Huertas. Camacho.**
Auditorio Afundación. 11 de outubro ás 20,00 horas.
- ✓ **DON GIOVANNI. Mozart**
Teatro Afundación. 1 de novembro ás 18,30 horas.
- ✓ **OUTRAS ACTIVIDADES: NOVAS VOCES.** 17 de outubro ás 20,00 horas
Julia Portela (mezzosoprano); Luis Monsalve (piano)
- ✓ **HABLEMOS DE ...**Habitual ciclo de conferencias e mesas redondas, didácticas e formativas, relacionadas coas diferentes actividades que conforman o festival “DON GIOVANNI”por RAMÓN GENER
Auditorio Afundación. 20 de outubro 20,00 horas.
“TRISTANA, DE LA NOVELA A LA PARTITURA”.
Sala de conferencia da Sede de Afundación: 10 de outubro. 19,00 horas.
- ✓ **ÓPERA NO CINE.** Auditorio Municipal del Concello de Vigo.
FIDELIO 22 de setembro. 19,00 horas.
AIDA. 150 aniversario do pasamento de Verdi
13 de outubro. 19,00 horas. Entrada libre.
- ✓ **CINE DE OUTONO.** Auditorio Municipal do Concello de Vigo.
“TRISTANA” 6 de outubro. 19,00 horas.
“AMADEUS”, 27 de outubro. 19,00 horas
- ✓ **OPERA NA ESCOLA:** A Asociación de Amigos da Ópera de Vigo, impulsa unha

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 115 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

novedosa iniciativa educativa gratuita destinada a acercar a ópera ao alumnado dos centros escolares da cidade.

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de polo importe total de 176.815 € (cento setenta e seis mil oitocentos quince euros), financiándose coas seguintes achegas

- Concello de Vigo: 60.000 €
- Deputación de Pontevedra: 30.000 €
- Xunta de Galicia: 30.000 €
- Ministerio de Cultura (Dirección Xeral Artes Escénicas e Música) Inaem: 12.000 €
- Gadisa :1815 €
- Ingresos folla de billeteira: 43.000 €
-

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Declaración xurada pola que se compromete a achegar o recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil antes do inicio da actividade.
- Aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica municipal o 27.05.2026 (doc.260132476)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" para o financiamento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2026", rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 apróbase por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 116 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación de Amigos de la Opera", para a organización do ciclo de concertos Outono Lírico 2026, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a "Asociación de Amigos de la Ópera" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordanza do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera" ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2026", figurando na aplicación **3340.480.00.05** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de **60.000 €** , a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de La Ópera " é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas**

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 117 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- *Aprobar a concesión directa dunha subvención polo importe de **60.000 €** (sesenta mil euros) á “Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo” CIF. G36622116, para o financiamento do Programa de Concertos “Outono Lírico 2026” organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 “AS.AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO. OUTONO LÍRICO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- *Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Outono Lírico 2026”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “OUTONO LÍRICO 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Go-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 118 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

berno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Daniel Diz Portela, na súa condición de presidente da Asociación Amigos de la Ópera de Vigo (CIF: G36622116) con enderezo social na rúa Venezuela, 22, 1º B, CP 36203, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a asociación "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade vigeusa, mediante a programación de concertos e outras actividades como conferencias, mesas redondas, proxeccións, ciclos de cine e recitais de xóvenes talentos, a fin de promover a afección á música operística como actividade tanto cultural coma social.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO", como medio que é de promover o xénero musical de ópera na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.05, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, a cantidade de 60.000 euros

IV.- Que a "ASOCIACIÓN A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 119 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o “OUTONO LÍRICO 2026”, que se detalla na documentación achegada pola entidade incorporada a este expediente

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de polo importe total de 176.815 € (cento setenta e seis mil oitocentos quince euros), financiándose coas seguintes achegas

- Concello de Vigo: 60.000 €
- Deputación de Pontevedra: 30.000 €
- Xunta de Galicia: 30.000 €
- Ministerio de Cultura (Dirección Xeral Artes Escénicas e Música) Inaem: 12.000 €
- Gadisa :1815 €
- Ingresos folia de billeteira: 43.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O Festival Outono Lírico está composto este ano dos seguintes eventos:

- ✓ **Presentación do Outono Lírico 2026 e concerto de Zara Ruíz**
Auditorio Martín Códax. Conservatorio Superior de Música. 28 de mayo do 2026 ás 20,00 horas.
- ✓ **GRANDES VOCES. Jorge de León e Juan Jesus Rodríguez**
Teatro Afundación. 12 de setembro ás 20,30 horas.
- ✓ **GRANDES VOCES. Celso Albelo e Desirée Rancatore**
Teatro Afundación. 30 de setembro ás 20,30 horas.
- ✓ **TRISTANA. Miguel Huertas. Camacho.**
Auditorio Afundación.11 de outubro ás 20,00 horas.
- ✓ **DON GIOVANNI. Mozart**
Teatro Afundación. 1 de novembro ás 18,30 horas.
- ✓ **OUTRAS ACTIVIDADES: NOVAS VOCES.** 17 de outubro ás 20,00 horas
Julia Portela (mezzosoprano); Luis Monsalve (piano)
- ✓ **HABLEMOS DE ...**Habitual ciclo de conferencias e mesas redondas, didácticas e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 120 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

formativas, relacionadas coas diferentes actividades que conforman o festival

“DON GIOVANNI” por RAMÓN GENER

Auditorio Afundación. 20 de outubro 20,00 horas.

“TRISTANA, DE LA NOVELA A LA PARTITURA”.

Sala de conferencia da Sede de Afundación: 10 de outubro. 19,00 horas.

✓ **ÓPERA NO CINE.** Auditorio Municipal del Concello de Vigo.

FIDELIO 22 de setembro. 19,00 horas.

AIDA. 150 aniversario do pasamento de Verdi

13 de outubro. 19,00 horas. Entrada libre.

✓ **CINE DE OUTONO.** Auditorio Municipal do Concello de Vigo.

“TRISTANA” 6 de outubro. 19,00 horas.

“AMADEUS”, 27 de outubro. 19,00 horas

✓ **OPERA NA ESCOLA:** A Asociación de Amigos da Ópera de Vigo, impulsa unha

novedosa iniciativa educativa gratuita destinada a acercar a ópera ao alumnado dos centros escolares da cidade.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Daniel Díz Portela, presidente da entidade.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 121 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto deste convenio e na concesión da subvención.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente declaración de xurada comprometéndose a entidade a achegar antes do inicio da actividade seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (60.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 122 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Redactarase un acta de constitución desta comisión mixta que será asinada por ambas partes. Así mesmo, de selo caso, levantarase un acta de cada reunión da comisión na que figuraban os temas tratados e acordados na mesma.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas polo Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 123 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rol-das de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará ao Servizo de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 124 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
 - Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
 - Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; **acreditados** con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
 - **A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo: <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga>, coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, provedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.**

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 125 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Os pagos en efectivo límitanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.
- No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.
- Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, debe-rase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que co-rrisponda.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados durante o ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 126 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 127 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 128 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2026

GASTOS

I.- CONCIERTO DE PRESENTACIÓN DE OTOÑO LÍRICO 2.026

(ZAYRA RUIZ)

Cachés.- 1.800,00 €

Alquiler Auditorio "Martín Códax".- 250,00 €

Servicio de limpeza y apertura del auditorio.- 350,00 €

Hotel y alojamiento.- 100,00 €

Otros gastos.- Imagen, video, publicidad, programas de mano.- 500,00 €

TOTAL.- 3.000,00 € (Iva incluido)

II.- GRANDES VOCES

(JORGE DE LEÓN, JUAN JESÚS RODRÍGUEZ Y JUAN F. PARRA)

Producción y cachés.- 18,000.00 €

Alquiler teatro Afundación.- 4.840,00 €

Hotel y alojamiento.- 665,50 €

Otros gastos.- alquiler taquilla, imagen, publicidad, afinación piano, programas de mano.- 3630 €

TOTAL.- 27.135,50 € (Iva incluido)

III.- GRANDES VOCES

(CELSO ALBELO, DESIRÉ RANCATORE Y JUAN F. PARRA)

Producción y cachés.- 18,000.00 €

Alquiler teatro Afundación.- 4.840,00 €

Hotel y alojamiento.- 665,50 €

Otros gastos.- alquiler taquilla, imagen, publicidad, afinación piano, programas de mano.- 3630 €

TOTAL.- 27.135,50 € (Iva incluido)

S.ord. 26/06/2026



IV.- TRISTANA

Producción.- 18.150,00 €
 Alquiler auditorio Afundación.- 5.808,00 €
 Hotel y alojamiento.- 2.178,00 €
 Grabación en video, tratamiento y edición de la representación.- 1.815,00 €
 Otros gastos.- alquiler taquilla, imagen, publicidad, programas de mano.- 3.630,00 €

TOTAL.- 31.581,00 € (Iva incluido)**V.- DON GIOVANNI**

Producción y cachés.- 52.233,50 €
 Alquiler teatro Afundación.- 14.520,00 €
 Hoteles.- 4.537,50 €
 Personal de atrezzo, sastrería, carga y descarga ... - 1.815,00 €
 Grabación en video, tratamiento y edición de la representación.- 1.815,00 €
 Otros gastos.- alquiler taquilla, imagen, publicidad, programas de mano.- 3.942,80 €

TOTAL.- 78.863,80 € (Iva incluido)**VI.- NOVAS VOCES DA LÍRICA GALEGA**

(JULIA PORTELA Y LUIS MONSALVE)

Cachés.- 1.210,00 €
 Alquiler Auditorio "Martín Códax".- 242,00 €
 Hotel y alojamiento.- 363,00 €
 Otros gastos.- Imagen, publicidad, programas de mano.- 726 €

TOTAL.- 2.541,00 € (Iva incluido)**VII.- HABLEMOS DE ...**

Caché Ramón Gener.- 4.840,00 €
 Alquiler Auditorio Afundación.- 1.210,00 €
 Hotel y alojamiento.- 145,20 €
 Viaje y transportes.- 363,00 €

TOTAL.- 6.558,20 € (Iva incluido)**TOTAL GASTOS.- 176.815,00 (Iva Incluido)**

Copia do documento - Concello de Vigo
 2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026

Data impresión: 06/07/2026 13:10 | Páxina 130 de 144
 CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

INGRESOS

Convenio Concello de Vigo.- 60.000,00 €
Convenio Xunta de Galicia.- 30.000,00 €
Convenio Diputación de Pontevedra.- 30.000,00 €
GADISA (Gadis SA).- 1.815,00 € (IVA incluído)
INAEM.- 12.000,00 €
Taquillas.- 43.000,00 €

TOTAL INGRESOS.- 176.815,00 (Iva Incluído)

23(547).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 2578/441.

Visto o informe de fiscalización de data 19/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/06/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 27.01.2024 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO" a favor da empresa favor da empresa GALAICONTROL, S.L

2.- A devandita empresa, trala fase de supervisión do borrador presentado, presenta documento de proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO", redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS. (638.356,55 €).

3.- Previo informe da enxeñeira industrial e da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal dos días 27 e 28.01.2026, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 06.02.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 05.12.2025 aprobou o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO", redactado pola enxeñeira de

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 131 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

camiños, canais e portos Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS. (638.356,55 €), e con sinatura dixital do día 27 de xaneiro de 2026. (Expte. 6679-443).

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 05.12.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6679-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dna. M^a Trinidad López Rodríguez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 13.03.2026.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 13 e 14.03.2026.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 21.04.2026.
- E) Certificado de retención de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria os días 23 e 24.04.2026.
- F) Declaración de neutralidade da redactora do proxecto asinada o día 28.01.2026.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 05.05.2026.
- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 05.05.2025.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 20.05.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 20.05.2026.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2^a. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 132 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do días 27 e 28.01.2026) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento 2025 e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO", redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dña. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (638.356,55 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2026	338.356,55€
2027	300.000,00€

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 20.05.2026.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 6190048 – proxecto de gasto 25153248 (Demolición estrutura e peatonalización acc. Ermida da Guía)- por importe de 338.356,55 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 1532 6190048, crédito por importe de 300.000,00 €.

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 133 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 88,66 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(548).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 19150/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/06/2026, asinado pola técnica de Xestión de Ingresos e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar informada das seguintes multas urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01 3599/435 (NIF***3285**)	2.000 €
02 3605/435 (NIF ***8186**)	2.000 €
03 3700/435 (NIF***0162**) (**3606**)	3.000 €
04 3739/435 (NIF***6598**)	2.000 €
05 3754/435 (NIF***6880**)	1.000 €
06 3818/435 (NIF****4260**)(**8606**)(**8603**)	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 134 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

	(**7506**)(**6457**)(**7416**)	2.000 €
07	3833/435 (NIF**7292**)	1.000 €
08	3859/435 (NIF**1198**)(**2524**)(**5167**)	
	(**7800**)(**3983**)	1.000 €
09	3861/435 (NIF**9832**)	1.000 €
10	3864/435 (NIF**7103**)	2.000 €
11	3891/435 (NIF**5897**)(**6432**)	1.000 €
12	3897/435 (NIF**1778**)	1.000 €
13	3907/435 (NIF **7057**)	2.000 €
14	3918/435 (NIF**0215**)	2.000 €
15	3919/435 (NIF **7095**)	2.000 €
16	3928/ 435 (NIF**7450**)	1.000 €
17.	4016/435 (NIF **4974**)	1.000 €
18.	4016/435 (NIF **4974**)	2.000 €
19	4021/435 (NIF**8325**)(**6709**)(**8492**)(**7837**)	
	(**0862**)(**4840**)(**0049**)(**9903**)	2.000 €
20.	4041/435 (NIF **7973**)	1.000 €
21	4109/435 (NIF **5945**)	1.000 €
22	4161/435 (NIF**8624**)	1.000 €
23	4161/435 (NIF**8624**)	2.000 €
24	4191/435 (NIF**8272**)	3.000 €
25	4255/435 (NIF**8741**)(**7206**)	2.000 €
26	4308/435 (NIF**8920**)	1.000 €
27	4330/435 (NIF**1045**)	1.000 €
28	4335/435 (NIF**2023**)	2.000 €
29	4340/435 (NIF**8125**)	2.000 €
30	4494/435 (NIF **0928**)(**5729**)	1.000 €
31	4589/435 (NIF**3382**)(**7967**)	1.500 €
32	4642/435 (NIF**1522**)	1.000 €
33	4800/435 (NIF**0799**)	1.000 €
34	18548/423 (NIF**9331**)	6.000 €
35.	19803/423 (NIF**2287**)	2.000 €
36	20081/423 (NIF**4289**)	2.000 €
37	23206/423 (NIF **8016**)	1.000 €
38	23206/423 (NIF**8016**)	3.000 €
39	24572/423 (NIF**5536**)	1.000 €
40	25144/423 (NIF**8085**)	1.000 €
41	25612/423 (NIF**1952**)	1.000 €
42	25783/423 (NIF**7805**)	1.000 €
43	26064/423 (NIF**9746**)	1.000 €
44	26157/423 (NIF **3958**)	1.000 €
45	26233/423 (NIF**0923**)	1.000 €
46	26270/423 (NIF**9231**)	1.000 €
47	26362/423 (NIF **4943**)	1.000 €
48.	63454/421 (NI**7671**)	3.000 €
49.	11532/423 (NIF**8508**)	2.500 €,**

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 135 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**A multa correspondente ao expediente 11532/423 de 2.500 euros é do ano 2021. Resólvese o recurso de reposición desestimatorio o 9/04/2026. Non solicitaron suspensión.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Dar conta da resolución do TACGAL recaída no recurso interposto contra a adxudicación do contrato dun servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 51260/446.

.- Rectificación de erro material do acordo de nomeamento como persoal funcionario de carreira de bombeiros/as, quenda libre, oferta publica de emprego 2020-2021-2022. Expte. 49066/220.

.- Proposta de adxudicación do subministro de licenzas PDF Studio e Ubuntu PRO Desktop e actualización-mantemento de licenzas windows de estacións de traballo, Acrobat Pro, Ccitrax, Ubuntu Pro Phisical, Presto e Veeam Backup. Expte. 10815/113.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

25(549).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DUN SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 51260/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 136 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

Sométese a aprobación a proposta do 25/06/2026, asinada pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 148/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 121/2026, interposto interposto por PREZERO ESPAÑA SAU contra a adxudicación do contrato do dun servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo, expediente 51260-446 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por PREZERO ESPAÑA SAU contra a adxudicación da contratación dun servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo, expediente 51260/446 dese Concello
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP

2º- Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a a continuación da tramitación do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

26(550).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DO ACORDO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE BOMBEIROS/AS, QUENDA LIBRE, OFERTA PUBLICA DE EMPREGO 2020-2021-2022. Expte. 49066/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/06/2026, asinado polo técnico de Xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 16 de xuño de 2026 emitiuse informe proposta de acordo no expediente 49066/220 relativo ao nomeamento como persoal funcionario de carreira de cinco aspirantes

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 137 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

con categoría de bombeiro/a, incluídos nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase). Na parte dispositiva contén a seguinte transcripción literal:

"PRIMEIRO. - Nomear como funcionarios de carreira con cargo a cinco (5) das vinte e tres (23) prazas vacantes de bombeiro/a incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local en acordo de 17/04/2026 (Exp. 48074220) ao ter convalidada a formación teórica-práctica relativa ao curso selectivo, formulada pola Comisión de Valoración, previsto nas bases da convocatoria, e que son os seguintes:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MOLEDO GONZALEZ	R.	***3076**
2	SANCHEZ SANCHEZ	A	***0302**
3	AGROMAYOR LEDO	M.	***6140**
4	LORENZO RODRIGUEZ	J.M.	***6877**
5	ALVAREZ MUÑIZ	A.	***5306**

II.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 19 de xuño de 2026, adoptou acordo de aprobación da citada proposta (Expte. 49066/220), procedendo ao nomeamento como funcionarios de carreira dos cinco aspirantes relacionados na mesma.

III.- Detectouse un erro material na identificación da persoa aspirante relacionada co número 5 da relación de nomeamentos contida no informe proposta de acordo de data 16/06/2026. En concreto, consignouse incorrectamente a inicial do nome e o número de DNI da citada persoa aspirante, figurando como "A." e " ***5306** ", cando da documentación obrante no expediente resulta acreditado que os datos correctos son "L." e " ***7443** ".

IV.- Consta no expediente informe favorable da Intervención Xeral Municipal emitido con data 18/06/2026.

Polo exposto, apréciase a existencia dun erro material susceptible de rectificación ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, propónse á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, ao abeiro das competencias delegadas vixentes (resolucións da Excm. Alcaldía de data 25/09/2025; e acordo da Xunta de Goberno Local de 07/11/2025):

PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o apartado PRIMEIRO da parte dispositiva do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 19 de xuño de 2026 (Expte. 49066/220), de xeito que **onde di:**

"PRIMEIRO.- Nomear como funcionarios de carreira con cargo a cinco (5) das vinte e tres (23) prazas vacantes de bombeiro/a incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xun-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 138 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

ta de Goberno Local en acordo de 17/04/2026 (Exp. 48074220), ao ter convalidada a formación teórica-práctica relativa ao curso selectivo, formulada pola Comisión de Valoración, prevista nas bases da convocatoria, e que son os seguintes:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MOLEDO GONZALEZ	R.	***3076**
2	SANCHEZ SANCHEZ	A	***0302**
3	AGROMAYOR LEDO	M.	***6140**
4	LORENZO RODRIGUEZ	J.M.	***6877**
5	ALVAREZ MUÑIZ	A.	***5306**

debe dicir:

"PRIMEIRO.- Nomear como funcionarios de carreira con cargo a cinco (5) das vinte e tres (23) prazas vacantes de bombeiro/a incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local en acordo de 17/04/2026 (Exp. 48074220), ao ter convalidada a formación teórica-práctica relativa ao curso selectivo, formulada pola Comisión de Valoración, prevista nas bases da convocatoria, e que son os seguintes:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MOLEDO GONZALEZ	R.	***3076**
2	SANCHEZ SANCHEZ	A	***0302**
3	AGROMAYOR LEDO	M.	***6140**
4	LORENZO RODRIGUEZ	J.M.	***6877**
5	ALVAREZ MUÑIZ	L.	***7443**

SEGUNDO.- Manter o resto do contido do citado informe proposta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(551).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENZAS PDF STUDIO E UBUNTU PRO DESKTOP E ACTUALIZACIÓN-MANTEMENTO DE LICENZAS WINDOWS DE ESTACIÓNS DE TRABALLO, ACROBAT PRO, CITRIX, UBUNTU PRO PHISICAL, PRESTO E VEEAM BACKUP. Expte. 10815/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 139 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Pdf Studio e Ubuntu Pro Desktop e actualización-mantemento de licenzas Windows de estacións de traballo, Acrobat Pro, Citrix, Ubuntu Pro Phisical, Presto e Veeam Backup (10815-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Pdf Studio e Ubuntu Pro Desktop e actualización-mantemento de licenzas Windows de estacións de traballo, Acrobat Pro, Citrix, Ubuntu Pro Phisical, Presto e Veeam Backup (10815-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de un conxunto de licencias PDF Studio Pro e Ubuntu Pro Desktop, e actualización-mantemento de licencias Microsoft Windows, Microsoft 365, Microsoft BI, Acrobat Pro, Citrix, Ubuntu Pro Desktop, Ubuntu Pro Physical, Presto e VeeamBackup propiedade do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/10/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 21/10/2025.

- Memoria económica do contrato de data 19/01/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 20/01/2026.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 23/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 28/01/2026 asinado polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 28/01/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 140 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación o 16/02/2026 e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos 17/02/2026.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 20/03/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 77.501,50 €, que inclúe un IVE de 13.450,68 €, dende o 13 de xuño de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2026	LICENCIAS DE PRODUTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	826,66 €	173,60 €	1.000,26 €
2026	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	63.224,17 €	13.277,08 €	76.501,24 €
Total			64.050,83 €	13.450,68 €	77.501,50 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 155.003,00 €, que inclúe un IVE de 29.901,36 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2027	LICENCIAS DE PRODUTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	826,66 €	173,60 €	1.000,26 €
2027	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	63.224,17 €	13.277,08 €	76.501,24 €
2028	LICENCIAS DE PRODUTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	826,66 €	173,60 €	1.000,26 €
2028	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	63.224,17 €	13.277,08 €	76.501,24 €
Total			128.101,66 €	29.901,36 €	155.003 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

S.ord. 26/06/2026



Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 6 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Pdf Studio e Ubuntu Pro Desktop e actualización-mantemento de licenzas Windows de estacións de traballo, Acrobat Pro, Citrix, Ubuntu Pro Phisical, Presto e Veeam Backup (10815-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
1	ALTIA CONSULTORES, SA	159.397,42 €
2	OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, SL	170.999,00 €

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTIA CONSULTORES, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- A resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a ALTIA CONSULTORES, SA o 22 de maio de 2026. Dentro do prazo concedido, a licitadora presenta documentación e unha vez cualificada a mesma pola Mesa de Contratación, esta acorda, en data 8 de xuño de 2026, outorgar un prazo de 3 días naturais para que puidera emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica. En concreto, debía presentar as certificacións vixentes emitidas polos fabricantes Citrix y Veeam, tal e como se require no apartado 5.B do Anexo I (FEC) do PCAP.

O acordo foi notificado o 8 de xuño e o día 10 do mesmo mes a licitadora achega documentación que, tras a súa cualificación por parte da Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade dos membros presentes, entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional e, en consecuencia, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, segundo resolución do segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (resolución da Alcaldía do 15.05.2026), de data



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 142 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2114/1102

21 de maio de 2026, OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles a documentación do artigo 150 da LCSP.

Notificado o devandito requirimento a OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, SL, en data 12 de xuño de 2026, esta presenta documentación dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o nomeamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (54.251,06 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (54.251,06 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2025 supera esta cantidade, así como os certificados requiridos no apartado 5.B) do Anexo I (FEC) do PCAP.
- Retención do importe da garantía no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,

S.ord. 26/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 143 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 18 de maio de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, SL o procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Pdf Studio e Ubuntu Pro Desktop e actualización-mantemento de licenzas Windows de estacións de traballo, Acrobat Pro, Citrix, Ubuntu Pro Physical, Presto e Veeam Backup (10815-113) por un prezo total do contrato de 206.908,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.909,79 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(552).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:10	Páxina 144 de 144
2114-1102 Aprobado por XGL 03/07/2026	CSV: ABB4BH-533A36-BB8HAH-MEYYN8-C14Q97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		